

Curso de linguaxe administrativa

claridade ·
sinxeleza ·
cohesión ·
adecuación ·
coherencia ·

NIVEL SUPERIOR

Curso de linguaxe administrativa



nivel superior

CRÉDITOS

Edita: Xunta de Galicia

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

Dirección de proxecto

Xoán Rivas Cid

Subdirector xeral de Política Lingüística

Coordinación

Martín Ramos Insua

Autoría

Cobas Medín, David

Domínguez Conde, Nancy

García Ares, Maricarme

García Sánchez, Daniela

Martínez Mayo, Concha

Marzabal Expósito, Felisa

Mayo Redondo, Susana

Ramos Insua, Martín

Varela Vázquez, Begoña

Asesoramento

García Cancela, Xermán (filólogo)

González de la Cámara, Elena (pedagoga)

Iglesias Ríos, Mónica (avogada)

Lodeiro Paz, Estefanía (asesora xurídica)

Monteagudo Romero, Henrique (filólogo)

Rey Rey, Nelly (pedagoga)

Villares Naveira, Luís (maxistrado)

ISBN: 978-84-453-5106-2

Dep. Leg.: C 1579-2013



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Índice

Módulo 1	11	Módulo 8	61
<i>Contorno.</i> Historia: a reincorporación aos usos formais. Lexislación: disposicións básicas sobre os dereitos universais. <i>Lingua oral.</i> A elaboración do discurso oral no ámbito profesional. Tipoloxía do discurso oral no ámbito profesional. <i>Léxico.</i> A escolla das palabras.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: o ecolingüismo ou o respecto pola diversidade lingüística. <i>Gramática.</i> Os réximes preposicionais. <i>Redacción e estilo.</i> A linguaxe igualitaria. <i>Léxico.</i> Locucións e fraseoloxía administrativa III.	
Módulo 2	21	Módulo 9	69
<i>Contorno.</i> Historia: 1936. O que puido ser e non foi. Lexislación: a Declaración universal dos dereitos lingüísticos I. <i>Gramática.</i> O infinitivo sen réxime. <i>Redacción e estilo.</i> A composición da páxina. <i>Léxico.</i> Tecnicismos e latinismos.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: o plurilingüismo como normalidade. <i>Gramática.</i> O infinitivo conjugado. <i>Redacción e estilo.</i> A progresión temática. <i>Léxico.</i> Terminoloxía e fontes terminográficas I	
Módulo 3	27	Módulo 10	75
<i>Contorno.</i> Historia: 1978: Un status xurídico favorecedor. Lexislación: a Declaración universal dos dereitos lingüísticos II. <i>Gramática.</i> O complemento directo sen preposición «a». <i>Redacción e estilo.</i> A organización do contido. <i>Léxico.</i> Ampliación de léxico e estranxeirismos.		<i>Contorno.</i> Sociolingüística: o plurilingüismo como factor de convivencia. <i>Gramática.</i> O futuro de subxuntivo. <i>Redacción e estilo.</i> A propiedade léxica: precisión e concisión. <i>Léxico.</i> Terminoloxía e fontes terminográficas II.	
Módulo 4	35	Máis información	80
<i>Contorno.</i> Historia: a capacitación do persoal das administracións. Lexislación: a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias I. <i>Gramática.</i> A pasiva reflexa con «se». <i>Redacción e estilo.</i> A racionalización gráfica, a numeración e os anexos. <i>Léxico.</i> Vulgarismos.		Exercicios	85
Módulo 5	41	Guía de recursos	103
<i>Contorno.</i> Historia: o influxo modernizador da linguaxe administrativa. Lexislación: a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias II. <i>Gramática.</i> O xerundio de posterioridade. <i>Redacción e estilo.</i> Os marcadores textuais. <i>Léxico.</i> Eufemismos.		Glosario	109
Módulo 6	49		
<i>Contorno.</i> Sociolingüística: o galego e as linguas. <i>Gramática.</i> O xerundio especificativo. <i>Redacción e estilo.</i> A redundancia: formas baleiras, concorrencias e formulismos. <i>Léxico.</i> Locucións e fraseoloxía administrativa I.			
Módulo 7	55		
<i>Contorno.</i> Sociolingüística: o galego na Administración europea. <i>Gramática.</i> O xerundio: usos correctos. <i>Redacción e estilo.</i> Focaxe, digresións, escuridade e lonxitude. <i>Léxico.</i> Locucións e fraseoloxía administrativa II.			

Á memoria de Xoán Rivas Cid,
quen impulsou e dirixiu a elaboración destes materiais didácticos.

Limiar

A Administración galega, porfiando na súa encomenda estatutaria, continúa a se dotar dos mecanismos necesarios para acadar a plena reincorporación do idioma propio de Galicia a todos os espazos en que desenvolve a súa actividade ao servizo da cidadanía. Na persecución deste obxectivo, a formación específica do seu persoal tornouse nunha peza clave que permitiu experimentar importantes avances tanto na potenciación do noso idioma coma no asentamento dun modelo de lingua máis accesible e de calidade no seo administrativo. A irrupción das novas tecnoloxías aplicadas á aprendizaxe ofrece asemade un marco cheo de novas expectativas que cómpre aproveitarmos.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Escola Galega de Administración Pública, leva anos traballando para fornecer o empregado público de recursos áxiles e axeitados que fa-vorezan a súa capacitación lingüística. O persoal cualificado e ben for-mado é consciente da importancia de que ofrecer un servizo de calidade implica usar un nivel de lingua axeitado, sen incorreccións nin interfe-rencias, baseado nunha linguaxe clara, precisa e accesible. A calidade dos seus textos, tanto orais coma escritos, é xa que logo un indicador manifesto da calidade do servizo ofrecido.

Unha Administración moderna debe seguir camiñando cara a unha comunicación eficaz cos seus interlocutores e procurar a xestión áxil e sinxela dos seus procedementos. Os cursos en liña de nivel superior de linguaxe administrativa e xurídica, ao igual ca os cursos de nivel medio, inciden no obxectivo de ofrecer un modelo de lingua profesional, clara e coherente coas necesidades da sociedade actual. Na súa ideación, deseño e redacción participou un nutrido número de especialistas baixo a coordinación atenta, rigorosa e amable do recentemente desaparecido Xoán Rivas Cid, subdirector xeral de Política Lingüística que sempre será lembrado polo seu exemplo de enerxía inesgotable, a paixón polo traballo e o amor sincero cara ao idioma galego.

Agardamos que este novo recurso contribúa a enriquecer aínda máis o valor profesional do persoal ao servizo da Administración galega e que, ao tempo, sexa útil para impulsar o uso da lingua propia de xeito eficaz e correcto

Valentín García Gómez
Secretario xeral
de Política Lingüística

Sonia Rodríguez-Campos
Directora da EGAP

Módulo I

Contorno

Historia: A reincorporación aos usos formais

Lexislación: Disposicións básicas sobre os dereitos universais

Lingua oral

A elaboración do discurso oral no ámbito profesional

Tipoloxía do discurso oral no ámbito profesional

Léxico

A escolla das palabras

I.I Contorno

Historia: A reincorporación aos usos formais 4①

As Irmandades da Fala (1916) foron unha agrupación fundada por intelectuais que tiñan como obxectivo principal a defensa, a exaltación e o fomento da lingua de Galicia. O seu voceiro, o semanario *A Nosa Terra*, publicábase integramente na nosa lingua. Comezaba a reivindicarse o uso do galego na actividade pública.

Pasados os Séculos Escuros, a lingua galega rexorde durante o século XIX, sobre todo no eido literario. Nas primeiras décadas do século XX comeza tamén a se reivindicar noutros ámbitos formais: prensa, ensaio científico etc. Así, o galego introdúcese en contextos modernos e urbanos, nos que a acción política no noso idioma é cada vez maior, coa reclamación de institucións e dun corpo administrativo propio de fondo. Foi grazas ás Irmandades da Fala e ao grupo Nós (1920) que a nosa lingua conseguiu facerse visible na vida pública da sociedade da época.

Así é que nas conclusións da IV asemblea das Irmandades da Fala (Monforte, 1922) se recollen acordos para impulsar a creación dun dicionario galego e se lles esixe «aos poderes públicos o dereito a redactar en galego os documentos notaría e esixir tamén que seña galegos todo-os funcionarios xudiciais».



Lexislación: Disposicións básicas sobre os dereitos universais

Carta das Nacións Unidas (1945)

Artigo 55

Co propósito de crear as condicións de estabilidade e benestar necesarias para as relacións pacíficas e amigables entre as nacións, baseadas no respecto ao principio da igualdade de dereitos e ao da libre determinación dos pobos, a organización promoverá:

[...]

c. o respecto universal aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais de todos, sen facer distinción por motivos de raza, sexo, idioma ou relixión, e a efectividade de tales dereitos e liberdades.

Declaración universal dos dereitos humanos (1948)

Artigo 2.1

Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamadas nesta declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

Declaración universal dos dereitos do neno (1989)

Artigo 2

[1] Os estados partes respectarán os dereitos enunciados nesta convención e asegurarán a súa aplicación a cada neno suxeito á súa xurisdición, sen ningunha distinción, independentemente da raza, a cor, o sexo, o idioma, a relixión, a opinión política ou doutra índole, a orixe nacional, étnica ou social, a posición económica, os impedimentos físicos, o nacemento ou calquera outra condición do neno, dos seus pais ou dos seus representantes legais.

Artigo 29

[1] Os estados partes conveñen en que a educación do neno deberá esta encamiñada a:

[...]

c. Inculcarlle ao neno o respecto dos seus pais, da súa propia identidade cultural, do seu idioma e dos seus valores, dos valores nacionais do país en que vive, do país de que sexa orixinario e das civilizacións distintas da súa;

Artigo 30

Nos estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas ou persoas de orixe indíxena, non se lle negará a un neno que pertenza a tales minorías ou que sexa indíxena o dereito que lle corresponde, en común cos demais membros do seu grupo, a ter a súa propia vida cultural, a profesar e practicar a súa propia relixión, ou a empregar o seu propio idioma.

Carta de dereitos fundamentais da UE (2000)

Artigo 22

Diversidade cultural, relixiosa e lingüística

A Unión respecta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística.

Tratado de Lisboa (2007)

Artigo 2.3

[...]

A Unión [Europea] respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística e velará pola conservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural europeo.

I.2 **L**ingua oral

A elaboración do discurso oral no ámbito profesional

①

O discurso oral

*«Os poetas nacen, pero os oradores fanse.»
(Quintiliano)*

Falar ben é unha arte que practicamos todos os días no noso ámbito profesional. Así, do mesmo xeito que traballamos a linguaxe escrita, debemos aproveitar cada unha das posibilidades que se nos presenten para matinar sobre as oportunidades de mellorar a nosa expresión oral.

Todo discurso oral debe ter unha estrutura. O discurso oral ten que estar preparado e debe posuír, do mesmo xeito ca na expresión escrita, un principio e un final. Non se poden dicir as cousas segundo as vaíamos pensando, tal e como se nos van ocorrendo. Nun discurso oral todo ten o seu lugar, non debemos improvisar.

*«O orador entusiasmado, vital, ben preparado
e con intención de ser útil, xerará unha corrente
de simpatía nos seus oíntes. Alcanzará o seu corazón.»
(Míchel Suñén)*

En función do noso interlocutor temos que escoller as nosas palabras. Neste sentido, convén non facer unha imaxe preconcebida de ninguén ou, polo menos, tentar que esa imaxe previa sexa

positiva. Debemos ser tolerantes e, sobre todo, escoitar o noso interlocutor. E un consello: convén poñerse no lugar da persoa que nos escoita.

É dicir, tentaremos que haxa moita empatía co noso interlocutor:

- Escoita atentamente o que che di.
- Identifícate co/a cidadán/á.
- Mostra sempre humildade.
- Fala en termos que lle interesen á persoa que escoita.

*«Non fales do que che interesa,
senón do que lles interesa aos demais.»
(Michel Suñén)*

É importante saber que desexa o noso interlocutor de nós, que tipo de cidadán é (idade, sexo, educación, profesión...). Segundo estes factores decidiremos o contido do noso discurso, o léxico máis ou menos técnico, os exemplos e as ilustracións, e mesmo coa experiencia podemos anticiparnos ás preguntas que nos poindan formular.

En calquera mensaxe oral entre o persoal da Administración e a cidadanía:

- empregaremos un vocabulario sinxelo;
- optaremos por frases curtas;
- usaremos moitos exemplos;
- evitaremos os clixés (*ben, o que pasa é que, pois mire, imos ver, vale, ou sexa, eh, pois, despois, o que quero dicir...*)

O decálogo do discurso oral

1. Vocabulario sinxelo e comprensible.
2. Exemplos.
3. Frases curtas de máximo vinte palabras e cunha orde lóxica: suxeito, verbo e predicado.
4. Usar punto en vez de *e*.
5. Parágrafos breves de máximo seis liñas.
6. Pausas efectistas.
7. Mensaxes sinxelas e repetitivas.
8. Desbotar clixés, pasivas e subordinadas.
9. Esquecerse de impersoais e xerundios, e tamén de formas nominais. Apostar por tempos verbais inmediatos.
10. Evitar estranxeirismos, tecnicismos e siglas.

Este decálogo foi tirado de Dueñas Sanz, Beatriz, Fernández Fernández, Eduardo e Vela Valldecabres, Daniel (2011): *De Cicerón a Obama: el arte de comunicar con eficacia. Retórica, oratoria e técnicas de expresión oral*, páx. 25. Villanueva Centro Universitario, Universidad Complutense Madrid, Netbiblo. Oleiros, A Coruña

A conversa telefónica. Normas básicas

A conversa é o xeito máis habitual en que ten lugar a comunicación oral. Cando conversamos por teléfono ou cara a cara, o tipo de conversa é espontánea pero pódese coñecer previamente a información sobre os temas que son da nosa competencia.

Ademais esta produción oral cumpre unha serie de regras comúns.

Regras dunha conversa

- **Principio de cooperación:** máxima de cantidade (dar a información necesaria), máxima de calidade (non dicir nada do que non esteamos seguros), máxima da relevancia (achegar ou preguntar por aquilo que é relevante) e máxima de claridade.
- **Principio de cortesía:** evitar as formas verbais de imperativo e as opinións persoais, ofrecer alternativas para escapar do conflito e amosar interese polo/a cidadán/á e por todo o que nos comunica.

Preparación previa

- **O sorriso** sempre é positivo porque implica amabilidade. E incluso a través do teléfono podemos contaxiar esa simpatía.
- **Ter información sobre o tema.** Debo estar preparado para calquera tipo de pregunta que sexa da miña competencia e debo documentarme acerca da lexislación aplicable.
- **Estar familiarizado co teléfono e cos programas informáticos** (por exemplo, saber facer unha busca en Access ou manexar unha táboa de Excel, se son os programas que se usan no meu lugar de traballo para dar información concreta).
- **Saber o nome da institución ou centro en que traballo e ensaiar:** «Dirección Técnica de Construcións e Calidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, en que podo axudalo?».
- **Coñecer o organigrama do lugar en que traballo** e ter á vista os teléfonos (as extensións), os números de fax e os correos electrónicos das persoas ás que temos que desviar a chamada.
- **O ton de voz** ten que ser adecuado. A capacidade de variar a entoación da voz conséguese coa práctica.

No momento da chamada:

- Presentación do organismo en que traballo.
- Fórmulas para solicitar que se identifique a persoa interlocutora: «pódeme dicir de parte de quen, por favor?»; «sería tan amable de dicirme o seu nome?»; «con quen falo, por favor?».
- Fórmulas para poñerse á disposición da persoa receptora: «en que o podo axudar?»; «se me explica o problema, seguro que o podemos solucionar»; «sobre que subvención quere que o informe?»; «que desexa saber?».
- En primeiro lugar, hai que escoitar ben a persoa usuaria para logo dar a información precisa e concreta. Hai que saber escoitar e, mesmo, entender o que sente para resolver ben as súas necesidades.
- Fórmulas para comprobar a información que se lle proporcionou ao receptor da mensaxe: «por se esquecín algunha información importante»; «imos confirmar que lle acheguei toda a información necesaria para...»; «imos comprobar que a información que lle dei é completa»; «agradecería que verificásemos a información dada...»

■ Escoitar o arquivo sonoro do módulo 1 do *Curso superior de linguaxe administrativa* en liña no sitio web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Tipoloxía do discurso oral no ámbito profesional

2①

A exposición

O obxectivo da exposición é facer que se entenda un tema. É o que fai, por exemplo, o persoal da Administración cando ten que

dar información sobre calquera asunto: unha subvención, unha obriga económica, unha responsabilidade...

As exposicións hai que preparalas e non improvisalas. Antes de darlle información a alguén sobre algún tema, debemos documentarnos: coñecer ese tema en profundidade, ler a lexislación que lle afecta, saber as consecuencias segundo o xeito de actuar da cidadanía, posibles preguntas que se nos poidan formular...

Cómpre que sexamos conscientes da nosa capacidade profesional para abordar o tema e, ademais, consultaremos todas as fontes necesarias para actualizarnos e buscar exemplos ou dar información sobre unha dúbida concreta que se nos expón.

En canto á información que temos que proporcionar debe ser: clara, concisa e completa.

Nas nosas exposicións orais profesionais debe existir sempre unha organización lóxica e xerárquica da información:

- **Problema e solución.** Este tipo de exposición oral comeza coa descrición dun problema e as causas que o orixinaron. Logo explícanse os efectos negativos do problema e, finalmente, achégase unha solución.

Problema: Erros nunha solicitude

Solución: Emendar os erros

Causa: Documentación incompleta

Efecto: A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria require a documentación que falta.

- **A comparación.** Na exposición oral no ámbito administrativo bótase man habitualmente da comparación de dous fenómenos de xeito que se describen as semellanzas e diferenzas de ambos, os beneficios e os prexuízos de dous sistemas..

Comparación

Resultados dunha campaña de fomento da lectura no Concello da Coruña: moito éxito

Resultados dunha campaña de fomento da lectura no Concello da Baña: fracaso

- **A causalidade.** Dous fenómenos relaciónanse de xeito que un é a causa do outro.

Antecedente: Pasou o prazo de dez días hábiles

Consecuente: Xa non pode alegar

- **Secuencia:** Preséntanse nunha orde temporal os momentos dun feito (*en primeiro lugar, a continuación, logo, despois, finalmente...*) ou ben hai unha serie de instrucións que se deben seguir para acadar un obxectivo.

Reclamación

17.08.2011: Compra da vivenda

25.09.2011: 1ª fenda na parede da sala

02.12.2011: 4 fendas na sala, 5 fendas nos cuartos

Instrucións para usar o certificado dixital.

1º Asinamos o documento co noso programa de sinatura.

2º Verifícase a sinatura.

Obxectivo: acreditar a nosa identidade.

A argumentación

Argumentar é explicar un punto de vista persoal co obxectivo de influír no destinatario. O que buscamos cando argumentamos é conseguir que alguén comparta unha idea ou, ás veces, procuramos que cambie as súas opinións, valores, ideas... É dicir, intentamos convencer ou persuadir o destinatario (un cidadán, un compañeiros de traballo, o xuíz...) con algunha intención.

A argumentación no ámbito administrativo xorde cando se produce unha controversia, un desacordo ou unha polémica sobre un tema determinado. Saber argumentar é saber defender un punto de vista utilizando os distintos tipos de argumentos que resulten máis eficaces para acadar un obxectivo comunicativo

Nas situacións orais argumentativas que se poden producir na Administración o persoal e a cidadanía intercambian os seus roles: tanto un coma o outro argumentan e buscan convencer o destinatario.

Cómpre que o persoal da Administración domine estratexias argumentativas para conseguir aquilo que desexe comunicar. Hai que saber orientar o discurso para chegar a unhas conclusións coherentes mantendo unha actitude de cooperación co interlocutor.

Argumentar ben é saber adaptarnos á situación comunicativa e, con anterioridade, prever as opinións e obxeccións do destinatario. Isto non ten nada que ver con crear unha imaxe previa.

Un bo argumentador proporciona boas razóns coas que convencer os seus interlocutores. Da capacidade de achegar razóns vai depender, por exemplo, que un cidadán que ía poñer unha reclamación desista da súa intención porque entende que, por exemplo, a lexislación nesa materia non apoia a súa tese.

En toda argumentación hai tres elementos básicos:

- O tema sobre o que se argumenta.

- A tese que se defendeu ou opinión que o argumentador posúe respecto do tema.
- Os argumentos ou razóns en que se apoian as teses.

Ademais tamén poden aparecer argumentos contrarios ás teses, son os contraargumentos.

Argumento: teño dereito a reclamar porque a cita médica se atrasou dous anos e é un tempo excesivo porque debo facer unha revisión todos os anos.

Contraargumento: vostede non acudiu a unha cita médica do ano 2011 e non a anulou. Cando pediu cita o 17.04.2012 déronlle cita para o 2013.

En relación con calquera tema, podemos adoptar dúas posturas:

- Intentar convencer ou probar con argumentos a nosa postura.
- Rexeitar argumentos contrarios á posición do argumentador.

Argumentos aconsellables

- Argumento legal: é o máis empregado no ámbito administrativo.
- Argumento de exemplificación: descríbese un caso semellante ou recórrese a unha imaxe que se pode vincular a este.
- Argumento de causa-consecuencia: establece unha relación lóxica entre os feitos.
- Argumento racional: baseado en ideas aceptadas pola sociedade.
- Argumento de autoridade: cita unha autoridade aceptada polo destinatario.
- Argumento do beneficio: xustifica unha tese a partir do

beneficio que lle achega á sociedade, a un sector concreto ou, mesmo, a un individuo.

Argumentos rexeitables

- Argumento baseado no abuso do poder: emprégase a ameaza para convencer o destinatario.
- Argumento na procura de misericordia: procúrase convencer o auditorio buscando a súa compaixón.
- Argumento demagóxico: baséase nos intereses dun grupo e non na súa validez racional.
- Argumento de descualificación persoal: cando se cuestiona a credibilidade do destinatario empregando o insulto.

🔊 Escóitar o arquivo sonoro do módulo 1 do *Curso superior de linguaxe administrativa* en liña no sitio web da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A escolla de palabras.

I.3 Léxico

A escolla das palabras

①3

«Nunca use unha palabra longa cando unha curta funcione.»
(George Orwell)

Unha das características da linguaxe administrativa é que posúe un vocabulario e unha fraseoloxía propios.

A linguaxe administrativa é un rexistro lingüístico que dispón de fórmulas específicas e outras vinculadas á linguaxe xurídica para conseguir precisión.

Temos que empregar a terminoloxía dun xeito rigoroso: non usaremos palabras que impliquen ambigüidade no significado

Unha recomendación para a escolla de palabras é que o lector do documento coñeza ese léxico. As palabras pouco usuais fan que o lector teña maiores dificultades na lectura. Por iso limitaremos o emprego do léxico especializado aos documentos que non transcendan do ámbito técnico.

Se o que queremos é entendernos, empregaremos palabras correntes. Intentaremos usar palabras simples para que o público en xeral entenda o que estamos a dicir.

Non obstante, o emprego dalgunhas palabras axuda a crear documentos artificiais. Deberemos evitar as ambigüidades e redactar dun xeito preciso:

- Usar palabras con significado e eliminar as palabras comodín, termos que valen para todo pero que non son precisos.

Polo tanto, substituiremos todos aqueles substantivos, verbos ou adxectivos que posúen un significado xenérico por outros que teñen un significado concreto. Por exemplo: *aspecto, cousa, tema, problema, feito, falar, facer, bo, interesante, positivo...*

✗ *Xuntáronse varios alcaldes para falar do problema do desemprego nos seus concellos.*

✓ *Xuntáronse varios alcaldes para tratar as posibles solucións ante o incremento do desemprego nos seus concellos.*

No grupo anterior inclúense os verbos *baúl*. Empréganse para designar moitos conceptos e substitúen outros verbos que son máis concretos e axeitados.

verbo baúl verbos máis concretos e axeitados

iniciar	<i>comezar, empezar, emprender, principiar etc.</i>
rematar	<i>acabar, terminar, liquidar, concluír, ultimar etc.</i>
realizar	<i>executar, efectuar, cumprir, construír, elaborar, establecer, acometer etc.</i>

× *As persoas que inicien un negocio poden solicitar axudas.*

✓ *As persoas que emprendan un negocio poden solicitar axudas.*

× *A sentenza de condena poderase realizar se se indican medidas que sexan eficaces.*

✓ *A sentenza de condena poderase executar se se indican medidas que sexan eficaces.*

- Evitar as palabras abstractas e as polisémicas e preferir palabras concretas, que designen obxectos ou suxeitos que se poidan tocar.

× *Na reunión decidiuse que había que tratar o tema do profesorado.*

✓ *Na reunión decidiuse que había que resolver as queixas do profesorado.*

Evitar os clixés: *a nivel de, a raíz de, baixo o punto de vista, en base a, en función de...*

× *O comité decide autorizar o acordo en base aos criterios establecidos na guía de avaliación*

✓ *O comité decide autorizar o acordo segundo os criterios establecidos na guía de avaliación.*

- Preferir palabras curtas e sinxelas.

<i>aproximativo</i>	<i>aproximado</i>
<i>clarificar</i>	<i>aclarar</i>
<i>coadxuvar</i>	<i>contribuír</i>
<i>complexidade</i>	<i>dificultade</i>
<i>concretizar</i>	<i>concretar</i>
<i>eximio</i>	<i>excelente</i>
<i>imprentar</i>	<i>imprimir</i>
<i>inclusive</i>	<i>incluso</i>
<i>influnciar</i>	<i>influír</i>
<i>intencionalidade</i>	<i>intención</i>
<i>obturar</i>	<i>cerrar</i>
<i>problemática</i>	<i>problema</i>
<i>programación</i>	<i>programa</i>
<i>utilización</i>	<i>uso</i>

- Usar máis verbos simples e menos a verbalidade perifrástica.

<i>chegar a un acordo</i>	<i>acordar</i>
<i>dar atención</i>	<i>atender</i>
<i>dar en consideración</i>	<i>considerar</i>
<i>dar comezo</i>	<i>comezar</i>
<i>dar motivación</i>	<i>motivar</i>
<i>facer entrega</i>	<i>entregar</i>
<i>facer unha investigación</i>	<i>investigar</i>
<i>facer un axuste</i>	<i>axustar</i>

<i>facen público</i>	<i>publicar</i>	<i>suficientemente</i>	<i>bastante</i>
<i>facen unha petición</i>	<i>pedir</i>	<i>unicamente</i>	<i>só</i>
<i>chegar á conclusión</i>	<i>concluir</i>		
<i>poñer de manifesto</i>	<i>manifestar</i>		
<i>ser da opinión de</i>	<i>opinar</i>		
<i>ter a necesidade de</i>	<i>necesitar</i>		
<i>dar cumprimento</i>	<i>cumprir</i>		
<i>tomar una decisión</i>	<i>decidir</i>		

- Evitar o emprego abusivo dos adverbios rematados en *-mente*.

<i>actualmente</i>	<i>hoxe</i>
<i>anteriormente</i>	<i>antes</i>
<i>claramente</i>	<i>con claridade</i>
<i>definitivamente</i>	<i>por completo</i>
<i>excesivamente</i>	<i>moito</i>
<i>finalmente</i>	<i>para rematar</i>
<i>gratuitamente</i>	<i>gratis</i>
<i>inicialmente</i>	<i>ao principio</i>
<i>lentamente</i>	<i>pouco a pouco</i>
<i>notablemente</i>	<i>bastante</i>
<i>obviamente</i>	<i>claro que</i>
<i>posteriormente</i>	<i>despois</i>
<i>recentemente</i>	<i>hai pouco</i>
<i>soamente</i>	<i>só</i>

Módulo 2

Contorno

Historia: 1936. O que puido ser e non foi

Lexislación: A Declaración universal dos dereitos
lingüísticos I

Gramática

O infinitivo sen réxime

Redacción e estilo

A composición da páxina



Léxico

Tecnicismos e latinismos

2.1 Contorno

Historia: 1936. O que puido ser e non foi

Para a maior parte do galeguismo do período republicano foi obxectivo principal a consecución dun estatuto de autonomía de Galicia. Este texto legal establecía por primeira vez na historia a cooficialidade dos idiomas galego e castelán en Galicia.



Aínda coas súas estreiteces, o estatuto abríalle as portas ao galego para unha futura equiparación de status na Administración.

O estoupido da Guerra Civil e a posterior ditadura franquista supuxeron un gran retroceso para a lingua galega. Prodúcese unha mingua importante no *status*, a consecuencia da prohibición do uso por parte da Administración do Réxime, que só reconece unha lingua, o



Cartel do Estatuto de 1936 (de Castelao). Un 74 % do censo electoral votou a prol da súa aprobación

castelán. Deste xeito, as aspiracións de gañar para o galego un espazo na investigación, na educación ou nos medios de comunicación vense radicalmente truncadas pola política da censura e do desprestixio.

Lexislación: A Declaración universal dos dereitos lingüísticos (I)

Artigo 1.1

[...] A denominación «lingua propia dun territorio» fai referencia ao idioma da comunidade historicamente establecida neste espazo.

Artigo 1.2

Esta declaración parte do principio de que os dereitos lingüísticos son individuais e asemade colectivos [...]

Artigo 3.2

Esta declaración considera que os dereitos colectivos dos grupos lingüísticos, [...] tamén poden incluír [...]:

O dereito a seren atendidos na súa lingua nos organismos oficiais e nas relacións socioeconómicas.

Artigo 12.1

No ámbito público, todo o mundo ten dereito a desenvolver todas as actividades na súa lingua, se é a lingua propia de onde reside.

2.2 Gramática

O infinitivo sen réxime

O infinitivo (sen conxugar) é, xunto co xerundio e co participio, unha das tres formas non persoais do verbo. Ningunha delas pode funcionar como verbo principal da oración.

Cando falamos de infinitivo sen réxime, referímonos á supresión dun elemento necesario para conseguir a corrección gramatical. Consiste en suprimir o verbo principal que debe rexer o infinitivo.

- ✗ *Resaltar a necesidade de prestar este servizo. (principal)*
- ✓ *Habemos ^{principal} de resaltar ^{infinitivo} a necesidade de prestar este servizo. (infinitivo)*

A perda do verbo principal produce a ocultación do suxeito da acción e doutras informacións adxacentes ao verbo coma o tempo e o modo.

- ✗ *Por último, informalo de que lle cargaremos os importes na conta.*

Así, debemos facer que o infinitivo dependa doutro verbo principal ou conxugalo e que apareza o suxeito.

Por último, cómpre ^{suxeito=3ª pers.}informalo de que lle cargaremos os importes na conta.

Por último, ^{suxeito=nós}informámolo de que lle cargaremos os importes na conta.

2.3 Redacción e estilo

A composición da páxina


① 5 e 6

*«As administracións públicas, nas súas relacións,
réxense polo principio de cooperación,
e na súa actuación, polos criterios de eficiencia e servizo á
ciudadanía.»
(Artigo 3.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico
das administracións públicas e do procedemento
administrativo común)*


A Administración moderna debe elaborar textos cunha estrutura fácil de recoñecer e normalizada.

Cada documento administrativo ten a súa peculiaridade, pero sempre hai un esquema interno con mínimas adaptacións. Os documentos administrativos distribúen a información en tres partes.


- **A cabeceira**, que serve para identificar o documento e o destinatario. Nesta parte avánzase o contido e danse indicacións sobre o emisor, o receptor ou o expediente no que se insire.



- **O corpo** é a parte en que se expoñen os datos. Neste bloque sitúase o cerne de calquera documento administrativo.



- **O peche** ten a función de autenticar e localizar o documento. Comprende o lugar, a data e a sinatura da persoa responsable do documento.



A estrutura lóxica do pensamento e das ideas debe estar presente en calquera documento administrativo. Para que os receptores da mensaxe a comprendan de forma eficaz, debe empregarse unha linguaxe simple, clara e directa co obxectivo de fomentar a transparencia e a eficacia das institucións

Este xeito de redactar documentos administrativos esixe unha planificación previa. En definitiva, se queremos producir unha comunicación rápida e eficaz, teremos que aplicarlle un deseño funcional e claro ao documento.

Ao establecer un modelo para cada documento: axilizamos o traballo; o destinatario identifica con facilidade o procedemento; producíranse menos erros de formato.

2.4 Léxico

Tecnicismos e latinismos

①7

Debemos seleccionar entre os termos e as fórmulas fixas características da linguaxe administrativa para que se leve a cabo unha comunicación eficaz sen esquecer que estamos ante unha linguaxe de especialidade.

O léxico e a fraseoloxía da linguaxe administrativa son produto dunha herdanza secular que permitiu conservar arcaísmos e formas tradicionais, algúns anacrónicos, que resultan descoñecidos para a cidadanía en xeral.

O uso de terminoloxía específica da linguaxe administrativa non pode provocar que teña unha difícil comprensión debido ao emprego de vulgarismos, latinismos... A cidadanía ten dereito a entender as comunicacións verbais ou escritas dos profesionais da Administración.

Se queremos conseguir que os nosos documentos se entendan ben e tamén queremos empregar terminoloxía administrativa de comprensión difícil, temos varios recursos:

1. Utilizar recursos gráficos (notas ao pé, información nas marxes...).
2. Empregar sinónimos que vaian canda eses termos complexos.
3. Explicar o termo ou a expresión concreta. Esta información pode aparecer entre parénteses, entre comas...

Os latinismos son palabras latinas que se incorporan a unha lingua mantendo a súa forma orixinal. Se o que queremos é unha linguaxe administrativa moderna, o rexistro léxico que empreguemos debe rexerse pola transparencia e adaptarse sempre ao destinatario.

Neste sentido, substituiremos as locucións latinas polo seu significado en galego ou incorporaremos a súa tradución entre parénteses.

- × *Cómpre tramitar a declaración de herdeiros ab intestato.*
- ✓ *Cómpre tramitar a declaración de herdeiros ab intestato (sen facer testamento).*
- × *O xuíz lembrou que causa criminalis non praeiudicat civile.*
- ✓ *O xuíz lembrou que causa criminalis non praeiudicat civile (a causa criminal non prexulga a civil).*

Latinismo	Significado
<i>a contrario sensu</i>	en sentido contrario
<i>a potiori</i>	máis importante
<i>ab initio</i>	comezo
<i>ab intestato</i>	sen testamento
<i>acta non verba</i>	feitos e non só palabras
<i>ad cautelam</i>	por cautela
<i>ad hoc</i>	para isto
<i>ad hominem</i>	segundo o home
<i>ad usum</i>	segundo o costume ou uso
<i>ante factum</i>	ante o feito
<i>argumentum a contrario</i>	argumento por oposición
<i>argumentum a fortiori</i>	argumento por razón máis forte
<i>argumentum a simili</i>	argumento por semellanza

conditio sine qua non

contra naturam

culpa lata

culpa levis

dicere ab reo

ex aequo

ex lege

ex officio

ex professo

habeas data

habemus confitentem

reum in absentia

in dubio pro reo

inter vivos

interposita persona

ipso iure

iuris et de iure

modus operandi

mutatis mutandis

pro indiviso

res non verba

stricto sensu

sub iudice

verbi gratia

condición sen a cal non é posible

contrario á natureza, ou normal ou regular

neglixencia grave

neglixencia leve

se unha testemuña fala ben do reo

por igual

segundo a lei

impulso procesual de oficio non polas partes

deliberadamente

dereito dunha persoa a coñecer os seus datos

temos un acusado que confesa

en ausencia, en rebeldía

na dúbida a favor do reo

entre vivos

home de palla, intervir nun acto xurídico por encargo doutro

polo mesmo dereito

de dereito e por dereito

xeito de actuar

cambiando o que haxa que cambiar

por partes iguais

feitos e non palabras

en sentido estrito

pendente do xuíz, de resolución

por exemplo

Módulo 3

Contorno

Historia: 1978: Un status xurídico favorecedor
Lexislación: A Declaración universal dos dereitos
lingüísticos II

Gramática

O complemento directo sen preposición *a*

Redacción e estilo

A organización do contido

Léxico

Ampliación de léxico e estranxeirismos

3.1 Contorno



①11

Historia: 1978. Un status xurídico favorecedor

A Constitución española de 1978 ábreilles a porta ás outras linguas do Estado. O galego é recoñecido como idioma oficial de Galicia. O Estatuto de autonomía de Galicia (1981) e a Lei de normalización lingüística (1983) establecen un marco normativo no que se garantirá e se potenciará o uso do galego por parte dos poderes públicos e das institucións e administracións dependentes da comunidade autónoma.

A normativa era ambiciosa, a pesar dalgún desaxuste, como o feito de que o coñecemento das linguas cooficiais non era considerado un deber como si o era o do castelán nos seus territorios.

De todos os xeitos, o novo marco xurídico propiciou a creación dunha serie de ferramentas para garantir o seu cumprimento. Dende este momento, a Administración adquire compromisos coa nosa lingua, a partir da obriga de servizo a unha sociedade á que se lle outorgan dereitos lingüísticos.



O novo status do galego propiciou que se iniciase o proceso de normalización lingüística, co fin de que a nosa lingua recuperase espazos de uso dos que anteriormente fora excluída. A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (1984) inspirou moitas iniciativas para dinamizar a lingua galega nas distintas administracións, entre as que resultou moi simbólica a Declaración dos alcaldes (1984), na que se recollía un decálogo de compromisos para o fomento do galego nos concellos. Este foi o primeiro paso dos moitos dados pola Administración local, desde a súa avantaxada proximidade coa cidadanía, para o pleno desenvolvemento da sociedade galega no seu idioma.

Mais o tempo revelou certos atrancos para o avance do uso da lingua galega, debido en gran medida á persistencia de arraigadas e paralizantes inercias nalgúns sectores importantes da Administración, que os poderes públicos non sempre souberon salvar. Dende a recente oficialización do galego ata os nosos días, a situación evolucionou, en xeral, de xeito lento e desigual nos distintos ámbitos administrativos.

É importante, nese sentido, o labor desenvolvido dende outras entidades sociais, organismos públicos ou colectivos profesionais que protagonizan destacadas iniciativas e achegas a prol do fomento do galego na Administración. É o caso dos servizos lingüísticos das universidades (USC, UdC, UVI), dos colexios profesionais (Colexio de Avogados de Santiago), do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia ou, máis recentemente, da Irmandade Xurídica Galega.

A responsabilidade institucional recaeu, principalmente, na Xunta de Galicia, que executa as súas obrigas na defensa e pro-

moción do noso idioma a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A actual denominación deste organismo é recente (2005), xa que se creou no ano 1983 como Dirección Xeral de Política Lingüística. Co cambio, esta área aumentou o seu rango na Administración autonómica.

En 2004 apróbase por unanimidade parlamentaria o [Plan xeral de normalización da lingua galega](#), que recolle máis de catrocentas medidas concretas, elaboradas a partir da realidade lingüística de Galicia, para favorecer o uso do idioma nos distintos ámbitos da sociedade e garantir que calquera persoa poida vivir plenamente en galego.

Lexislación: A Declaración universal dos dereitos lingüísticos (II)

Título II. Réxime lingüístico xeral

Sección I. Administración pública e órganos oficiais

Artigo 15

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a que a súa lingua sexa utilizada como oficial dentro do seu territorio
2. Toda comunidade lingüística ten dereito a que as actuacións xudiciais e administrativas, os documentos públicos e privados e os asentos en rexistros públicos realizados na lingua propia do territorio sexan válidos e eficaces e ninguén poida alegar o descoñecemento.

Artigo 16

Todo membro dunha comunidade lingüística ten dereito a relacionarse e a ser atendido na súa lingua polos servizos dos poderes públicos ou das divisións administrativas centrais, territoriais, locais e supraterritoriais aos cales pertence o territorio de onde é propia a lingua.

Artigo 17

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a dispoñer e obter toda a documentación oficial na súa lingua, en forma de papel, soporte informático ou calquera outro, para as relacións que afecten ao territorio de onde é propia esta lingua.

2. Os poderes públicos deben dispoñer de formularios, impresos e modelos en forma de papel, soporte informático ou calquera outro nas linguas territoriais, e ofrecerllos ao público nos servizos que afecten aos territorios onde é propia a lingua respectiva.

Artigo 18

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a que as leis e outras disposicións xurídicas que lle atinxen se publiquen na lingua propia do territorio.

2. Os poderes públicos que teñen nos seus ámbitos de actuación máis dunha lingua territorialmente histórica deben publicar todas as leis e outras disposicións de carácter xeral nestas linguas, con independencia de que os seus falantes entendan outras linguas.

Artigo 19

1. As asembleas de representantes deben adoptar como oficiais a lingua ou as linguas historicamente faladas no territorio que representan.

Artigo 20

1. Todo o mundo ten dereito a usar de palabra e por escrito, nos tribunais de xustiza, a lingua historicamente falada no territorio onde están radicados. Os tribunais deben utilizar a lingua propia do territorio nas súas actuacións internas, e se, por razón da organización xudicial do estado, o procedemento se segue fóra do lugar de orixe, hai que manter a lingua de orixe.

2. Malia isto, todo o mundo ten dereito a ser xulgado nunha lingua que lle sexa comprensible e poida falar, ou obter gratuitamente un intérprete.

Artigo 21

Toda comunidade lingüística ten dereito a que os asentos dos rexistros públicos se fagan na lingua propia do territorio.

Artigo 22

Toda comunidade lingüística ten dereito a que os documentos notariais ou autorizados polo funcionamento que exerza fe pública sexan redactados na lingua propia do territorio onde o persoal notario ou funcionario teña demarcada a súa sede.

3.2 Gramática

O complemento directo sen preposición *a*

Por regra xeral, o complemento directo (CD) nunca leva preposición *a* en galego.

- ✓ *O arquitecto elabora o informe_{CD}.*
- ✓ *O novo regulamento obriga o persoal_{CD} a coller as chamadas.*
- ✗ *O novo regulamento obriga ao persoal_{CD} a coller as chamadas.*

Mais, nalgúns casos, o CD precisa ser marcado por *a*. Introdúcese co obxectivo de que non se confundan o CD e o suxeito, sobre todo cando o CD asume o trazo «+ humano» ou canto estes dous elementos alteran a súa posición: o complemento aparece antes ca o suxeito.

Só empregaremos a preposición *a* cando o CD estea desempeñado por:

- un pronome persoal (*Requíreo a el*);
- un nome de parentesco con posesivo sen artigo (*Empadroou a súa nai*);
- un nome propio de persoa (*Chamou a Paulo*);
- os pronomes indefinidos *un(s)*, *unha(s)* e *todos*, *todas* referidos a persoas (*Citaron a un deles*; *Convocáronos a todos*);
- a construción de reciprocidade *un a/ao outro* (*Denunciáronse un ao outro*);
- cando exista ambigüidade na identificación do suxeito e do CD (*Ratifica o concelleiro ao alcalde*).

3.3 Redacción e estilo

A organización do contido

①8 e 9

O contido dun documento administrativo debe organizarse de acordo co tipo de documento e coa súa función.

Organización pola importancia dos datos

- ✗ *Nesta demarcación presentou Irixe, SA, unha solicitude co proxecto correspondente [...]*
- ✓ *Irixe, SA, presentou unha solicitude, co proxecto correspondente, nesta demarcación [...]*

Organización cronolóxica

«Os vogais revisan a oferta presentada, o informe do servizo negociador e a documentación achegada pola empresa adxudicataria. Confirman que é correcta.

Tras valorar a oferta, os membros da mesa acordan propoñer a empresa Pedroso, SL, como adxudicataria do contrato de consultoría por un importe de 30 000 €.»

As intencións que pretendemos comunicar a través dos textos son múltiples e variadas: informar, ordenar... Segundo a situación comunicativa, podemos falar de diferentes tipos de texto.

En xeral, os documentos administrativos teñen como obxectivo informar e difundir coñecementos acerca dun tema (expoñer, por exemplo, nunha acta) ou defender opinións e ideas para convencer (argumentar, por exemplo, no acordo).

Xa que logo, nos documentos administrativos predominan os modos de discurso argumentativo e expositivo. Segundo o tipo de texto, atoparemos un ou outro tipo: resolución > argumentación; acta > exposición.

Cada documento ten a súa función e organízase segundo ela. Hai exemplos de documentos en que se combinan varias tipoloxías textuais.

O informe, por exemplo, é un documento administrativo que contén unha declaración de xuízo dun órgano e nel atéstanse: unha parte descritiva (os feitos); unha parte argumentativa / expositiva (as consideracións legais e técnicas); unha parte prescristiva (o ditame).

A información dos documentos organízase en parágrafos. Un parágrafo é unha unidade significativa (desenvolve unha única idea) e unha unidade visual (márcanse espazos en branco tras os puntos e á parte).

Debemos seguir estas premisas para redactar ben os nosos documentos:

- Cada idea redactarase nun parágrafo independente.
- Se cambiamos de idea, cambiamos de parágrafo.
- Tenderemos a presentar a información importante ao principio e trataremos de seguir unha liña explicativa clara e sinxela que facilite unha comprensión rápida da mensaxe.

No que se refire ao contido, os parágrafos

- clasifican a información en núcleos temáticos
- xerarquizan a información en parágrafos de introdución, de exemplificación, conclusivos...)

Parágrafo de introdución:

ANTECEDENTES

1 A fundación Centro Tecnolóxico da Lousa solicitou a cesión do uso do inmovible da Comunidade Autónoma de Galicia denominado Centro de Lousas de Galicia, para dedicalo a apoiar o sector mineiro de Galicia, en particular o sector da lousa.

Parágrafo de exemplificación:

1 A única proba de cargo que existe verbo dos feitos denunciados, que poden constituír unha infracción penal, é unha declaración do denunciante Alberte Lourenzo Mel no acto do xuízo, con que se conclúe que basea a atribución dos danos ao denunciado nunhas sospeitas que carecen de calquera sostén obxectivo. Pola súa parte, o denunciado Fernando Vales Alonso nega ser o autor dos danos.

Parágrafo conclusivo:

INFORME

Considero o proxecto viable porque se axusta á normativa vixente e, en particular, ao acordo citado.

Debemos botar man de parágrafos «modernos». Son os que non levan ningunha sangría. Entre parágrafo e parágrafo debe haber un espazo maior ca o interliñado normal.

Así, se estamos a escribir cun corpo de doce puntos, o interliñado entre parágrafos debe ser de polo menos dezaoito. Faise así xa que, se cadrase que un parágrafo acaba ao final de liña, non se distingue se hai un punto e á parte ou un punto e seguido.

3.4 Léxico

Ampliación de léxico e estranxeirismos

⑩10

A linguaxe administrativa caracterízase polo incremento constante do seu léxico xa que acotío xorden novos conceptos que a terminoloxía ha de cubrir.

E para ampliar o seu léxico pode recorrer:

- á lingua común, concretamente ás palabras patrimoniais e aos dialectalismos (*quenda de oficio*);

- aos cultismos (sobre todo do latín, lat. *magistratus* > gal. *maxistrado*);
- ás linguas estranxeiras (sobre todo, palabras do inglés e do francés).

Os estranxeirismos poden:

- Introducirse no galego sen se producir ningún tipo de cambio (*by out*, a 'adquisición dunha sociedade para mellorar a súa rendibilidade').
- Adaptarse á nosa lingua mediante traducións erradas (*orde disposant* foi traducido por *orde dispoñendo*, en lugar de *orde que dispón*).
- Provocar que se amplíe o significado de palabras galegas. Deste xeito, na linguaxe xurídica galega *delito* é o 'quebrantamento da lei' mentres que o *crime* é un 'delito en que se mata a alguén'. Por influxo do inglés, escoitamos *crime organizado* onde *crime* ten o significado de *delito* e, polo tanto, é incorrecto en galego porque nós, fronte ao inglés, temos dous termos para designar estas dúas realidades.

Na linguaxe administrativa galega debemos usar só os estranxeirismos necesarios e utilizaremos, sempre que nos sexa posible, as pala-bras ou xiros que sexan galegos de seu. En definitiva, para que un préstamo estea ben usado non pode cubrir o espazo dun termo galego que xa existe.

Por este motivo cómpre propoñer axiña solucións alternativas autóctonas para impedir que se estendan e que o seu uso chegue a ser xeneralizado. Pero que se interveña non implica que haxa éxito. Normalmente a forma estranxeira e a galega conviven durante un tempo ata que finalmente as alternativas galegas lle van gañando terreo ao estranxeirismo ou este queda para non marchar.

Estranxeirismos

*xogar un papel

desempeñar un papel
ser determinante

Xogar un papel ten un uso moi arraigado. Considérase un galicismo, un calco de *jouer un rôle*, e debe trocar-se por *desempeñar un papel*.

× *A fiscal xogou un papel importante para que se reabrise este sumario.*

✓ *A fiscal desempeñou un papel importante para que se reabrise este sumario.*

*chequeo

revisión médica

É un anglicismo da linguaxe médica, do inglés *to check*.

É un anglicismo totalmente innecesario que debe ser evitado para favorecer expresións galegas.

*chequear

facerse unha revisión
médica

× *Pode chamar ao seguinte número de teléfono para cambiar a cita do seu chequeo.*

✓ *Pode chamar ao seguinte número de teléfono para cambiar a cita da súa revisión médica.*

baremo

Ás veces úsase de maneira abusiva.

Nestes casos pode substituírse por:

criterio
medida
puntuación
valoración

Escala de valores establecidos convencionalmente que serve para avaliar procesos difíciles de cuantificar.

É orixinaria do francés *barème*, voz derivada do antropónimo B. F. Barrême (1640 – 1703), nome dun matemático francés inventor dunha táboa de contas.

✓ *A clasificación segue un baremo único.*

✓ *A clasificación segue un criterio único.*

Informeino de que para coñecer a contía da indemnización debía consultar o baremo de accidentes do ano 2012.

*joint venture

coempresa
empresa conxunta

Entidade empresarial formada por unha unión ocasional de dúas ou máis empresas independentes dende o punto de vista xurídico, que deciden poñer en común os seus coñecementos, a súa tecnoloxía ou os seus recursos e tamén compartir as ganancias e as perdas na realización dun proxecto concreto.

Grafía e pronuncia moi distantes da nosa lingua.

acoso laboral

*mobbing (tamén *workplace harassment* ou *workplace bullying*)

A realidade que designa xa se podía rexistrar hai anos, isto é, non se trata dun contido novo. Non obstante, antes non se lle daba importancia á gravidade deste xeito de actuar.

É o maltrato psicolóxico que sofre unha persoa traballadora e que leva a cabo un compañeiro ou un superior.

Anglicismo superfluo de presenza maioritari

- × *Denunciou o seu xefe por mobbing.*
- ✓ *Denunciou o seu xefe por acoso laboral.*

*coaching

adestramento personalizado

Método de formación e desenvolvemento profesional en que unha persoa experta e con preparación específica orienta e asesora outra profesional, normalmente un alto cargo, na toma de decisións e na análise dos resultados, ademais de estimulalo a descubrir o seu propio potencial.

O galego pode recorrer a empregar substantivos galegos rematados en *-axe* ou *-mento* para substituír anglicismos que rematen co sufixo *-ing*. A pronuncia da palabra inglesa tamén resulta estraña para un galegofalante e este é outro motivo máis para rexeitalo.

- × *Impartiu un curso de coaching na EGAP.*
- ✓ *Impartiu un curso de adestramento personalizado na EGAP.*

clúster

Conxunto ou grupo de empresas pertencentes a diversos sectores relacionados conectadas mutuamente nos sentidos vertical, horizontal e colateral arredor duns mercados, tecnoloxías e capitais produtivos que constitúen núcleos dinámicos do sector industrial, formando un sistema interactivo no que poden mellorar a súa competitividade.

Aceptado como préstamo do inglés. No plano fonético presenta un bo nivel de integración. En canto á grafía só precisa que o acentuemos segundo as regras de acentuación galegas.

- × *Un cluster de cadeas de valor é un grupo de negocios que mercan e venden ente eles.*
- ✓ *Un clúster de cadeas de valor é un grupo de negocios que mercan e venden entre eles.*

Estranxeirismo

a grandes liñas

así chamado

causar efecto

como un todo

contáiner

crack

encontrar culpable

en profundidade

en última análise

facer abstracción de

facer o efecto

xogar un papel

máis pronto ou máis tarde

pasable

primeiro de todo

render un servizo

tan pronto como sexa posible

un total de

Forma galega

en liñas xerais

ø

impresionar

en conxunto

contedor, colector de lixo

crise bolsista,
desastre financeir

declarar culpable, ser
considerado culpable

a fondo, con detalle

en definitiv

prescindir de

ter a sensación de que

desempeñar un papel

cumprir unha función

máis tarde ou máis cedo

regular, aceptable

ante todo, en primeiro lugar

prestar un servizo

o máis axiña posible,
canto antes

ø

Módulo 4

Contorno

Historia: A capacitación do persoal das administracións

Lexislación: A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias I

Gramática

A pasiva reflexa con *se*

Redacción e estilo


A racionalización gráfica, a numeración e os anexos

Léxico

Vulgarismos


4.1 Contorno

Historia: A capacitación do persoal das administracións



Un avance cualitativo no recoñecemento social da lingua galega tivo lugar inmediatamente despois da incorporación do galego na área da Administración. Neste proceso foi determinante a creación da EGAP en 1987, a cal ten entre os seus obxectivos o de capacitar lingüísticamente o persoal da Administración pública e colaborar na fixación da linguaxe técnica, xurídica e administrativa galega.

A incorporación do galego como lingua oficial da Administración en Galicia propiciou a implantación dun modelo lingüístico profesional, áxil e de calidade, que permitise mellorar a comunicación entre as propias administracións e a cidadanía. A isto contribuíu de xeito pioneiro a *Revista de Administración Galega*, amais doutras moitas iniciativas posteriores: dende a tradución dun extenso corpo lexislativo, ás versións en galego dos boletíns oficiais (BOP, BOE e DOG), así como a creación de servizos lingüísticos nos colexios profesionais, nas audiencias e nos concellos.



As distintas administracións galegas deben planificar unha formación para o seu persoal, co fin de garantir os dereitos das persoas que se dirixen a elas. Isto acontece en pleno desenvolvemento internacional de políticas centradas na cidadanía, o que permite ligar o proceso de elaboración da linguaxe administrativa coa modernización do momento.

A implantación de cursos de formación en linguaxe administrativa, a elaboración de manuais e publicacións específicas, o desenvolvemento de vocabularios sectoriais, o impulso de ordenanzas de uso da lingua galega ou o fornecemento de textos legais e documentación xurídica en galego son algúns dos logros acadados polas políticas públicas de defensa do idioma.



Lexislación: A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (I)

Artigo 7. Obxectivos e principios

1. En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios en que estas linguas son utilizadas e segundo a situación de cada lingua, as partes fundamentan a súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes

a) o recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias en canto expresión da riqueza cultural;

b) o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, procedendo de xeito que as divisións administrativas existentes ou novas non constitúan un obstáculo á promoción desta lingua rexional ou minoritaria;

c) a necesidade dunha acción decidida de promoción das linguas rexionais ou minoritarias co fin de salvagardalas

d) a facilitación e o fomento do uso oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada.

[...]

2 [...] A adopción de medidas especiais en prol das linguas rexionais ou minoritarias, destinadas a promover unha igualdade entre as persoas falantes destas linguas e o resto da poboación, ou tendentes a ter en conta as súas situacións particulares, non está considerado como un acto de discriminación para as persoas falantes das linguas máis estendidas.

4.2 Gramática

A pasiva reflexa con *se*

A construción pasiva emprégase na lingua común para chamar a atención sobre o CD, colocándoo ao principio da oración. Deste xeito, al térase a súa orde sintáctica habitual: *suxeito + verbo + complementos (voz activa)*.

A documentación_{CD} foi requirida_{Verbo} pola secretaria_{Sux. paciente}.
(voz pasiva)

A secretaria_{Sux.} requiriu_{Verbo} a documentación_{CD} (voz activa)

A voz pasiva permitía elaborar un código cun estilo que se afastaba da lingua xeral, así se explica o seu uso prolífero na linguaxe administrativa.

O uso da pasiva reflexa con *se* tamén era moi frecuente na linguaxe administrativa. Non está mal usada gramaticalmente, mais non se aconsella.

Elaboraranse os orzamentos.

A razón do éxito desta forma é que permitía outorgarlle un ton impersoal ao enunciado que se adaptaba á idea de non querer atribuír para si unhas accións concretas. Melloraremos a redacción se se emprega a forma activa e identificamos o axente

Os concelleiros delegados elaborarán os orzamentos.

Un tipo de pasiva reflexa que non poderemos empregar nunca é a pasiva reflexa con *se* e con suxeito expreso. Trátase dunha incoherencia gramatical: se queremos manter o anonimato, non podemos empregar o suxeito.

✗ *Redactarase a acta polo secretario.*

✓ *O secretario redactará a acta.*

O texto administrativo tamén abusa do pronome *se* nestoutras estruturas en que o axente é doado de deducir.

✗ *O tesoureiro envioulle un informe á interventora no que se detallan todos os ingresos.*

✓ *O tesoureiro envioulle un informe á interventora no que detalla todos os ingresos.*

4.3 Redacción e estilo

A racionalización gráfica, a numeración e os anexos

❶ 12

A racionalización gráfica

A transmisión de información dos documentos administrativos debe ser eficaz e rápida xa que os comunicantes son a cidadanía e o funcionariado. Isto é, persoas que non se coñecen e que manteñen un vínculo profesional. Con este fin debemos atender dous planos fundamentais:

- 1 A lingua
- 2 O formato dos documentos
 - 2.1 Aliñar sempre á esquerda
 - 2.2 Non empregar sangrados
 - 2.3 Separar cada parágrafo cun espazo duplo

A linguaxe administrativa debe manter, con independencia dos servizos e do funcionariado, unha homoxeneidade básica en todos os seus ámbitos:

- dos modelos de documentos
- da terminoloxía
- do formato e da calidade do papel

Para que haxa unha comprensión correcta e áxil dos documentos administrativos é moi importante atender determinados aspectos visuais e seguir unhas pautas comúns para todas as administracións.

- *O tamaño do papel.* O máis habitual é o DIN A4 vertical (210 x 297 mm), que aparece como predeterminado na maior parte dos procesadores de texto.

- *As marxes.* Configúranse en Deseño de páxina > Marxes. Sempre debemos deixar algo máis de marxe á esquerda ca á dereita (na esquerda aconsellamos uns 30 mm fronte aos 20 mm de marxe dereita):
- *O corpo ou tamaño dos caracteres.* Un corpo adecuado para os nosos documentos é o que lle faga posible ao destinatario unha lectura cómoda: entre 10 e 12 de tamaño.
- *O tamaño dos parágrafos.* Estructurar ben un parágrafo fai que o documento mellore visualmente e ademais axúdanos a organizar o contido. Como referencia, unha páxina ben estruturada pode conter uns cinco parágrafos. Se o documento ofrece unha boa disposición dos parágrafos, a lexibilidade será maior.
- *O tipo de letra.* En xeral, os documentos administrativos deben botar man dun mesmo tipo de letra no desenvolvemento de todo o texto. Esta coherencia na escolla do tipo de letra tamén facilitará a comprensión.
- *O interliñado.* O espazo existente entre as liñas dun parágrafo ha de ser proporcional ao tamaño da letra. En xeral, recoméndase o uso dun interliñado «sinxelo». Ademais, os parágrafos sepáranse entre si cunha liña en branco.

A Consellería do Medio Rural convocou bolsas de prácticas para titulados en especialidades agrarias (Orde do 25 de setembro de 2009, D.O.G. núm. 190 do 28.09.2009).

Unha vez adxudicadas as bolsas, cómpre establecer un sistema para pagarlles aos beneficiarios, con frecuencia mensual, que non ocasione atrasos e procedementos de tramitación complexa.

En canto ás liñas, o texto xustifícase por ambos os lados. Ademais, a primeira e a derradeira liña dun parágrafo non poden aparecer soas na páxina.

- *O título e os subtítulos principais* do documento gráfanse con maiúsculas, aliñanse á esquerda e non poden aparecer no remate dunha páxina.

O título:

RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DUN NÚMERO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓN

Os subtítulos:

ANTECEDENTES, CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS...

En xeral, hai que racionalizar os recursos tipográficos (cursiva, subliñado, negra...) e tamén no caso dos títulos: só con maiúsculas.

Tanto uns coma outros facilitan que o lector comprenda a información que se achega no documento: son tamén organizadores textuais.

Entre as distintas partes do documento (cabeceira, corpo, peche) hai máis separación ca entre as partes destas:

Partes da cabeceira que van xuntas:

San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 544 722
Fax: 981 545 759

Partes do corpo que van xuntas:

Día: 22 de maio de 2009
Hora: 12.00 h
Lugar: Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela

Daquela, é importante que se presenten dun xeito visual eficaz. Por este motivo, despois dun título ou dun subtítulo o espazo que se deixa é maior que entre os diferentes apartados. Os títulos sepáranse do comezo de páxina uns catro ou cinco saltos de liña e os subtítulos sepáranse uns dous saltos de liña.

Os FEITOS e as CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS (dunha resolución ou dun acordo) son bloques temáticos diferentes e están máis separados

que cada un dos feitos dos antecedentes. Os feitos aparecen ordenados en parágrafos independentes e numerados.

FEITOS

- 1 O Departamento Territorial de Ourense da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria envioulle á Dirección Xeral de Tributos o expediente de Rosa Lamela Rioboo, á que se lle require a cantidade de 546,04 € polo cobro indebido de dous días do mes de maio de 2008.
- 2 O día 19.11.2009 emítese unha resolución da Dirección Xeral de Tributos na que [...]

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 O Decreto 307/2009, do 28 de maio, establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e a Orde do 27 de decembro de 1990 regula a tramitación do reintegro dos pagamentos indebidos [...].

Os impresos e formularios que se empregan na Administración deben ser fáciles de cubrir. Daquela, para simplificar a comprensión e a lectura do receptor recoméndase:

- usar o mesmo tipo de letra;
- manter igual o tamaño de letra;
- limitar o uso de táboas, gráficos, cadros...
- reducir o emprego de cores, sombreados e outros efectos especiais.

A numeración

No bloque de Redacción do módulo 3 do CSLA coñecemos xa a importancia de xerarquizar os contidos segundo a súa relevancia informativa. A numeración é un recurso útil para clasificar visualmente os contidos dun documento administrativo.

Alguns documentos teñen no corpo unha serie de puntos (antecedentes, consideracións legais e técnicas, alegacións, acordos, ordes do día...) que podemos numerar e presentar en parágrafos independentes. Así organízase a información de xeito lóxico.

Índice

- 1 Creación da biblioteca
- 2 Actividades
- 2.1 Presentación da biblioteca
- 2.2 Convenios de colaboración
- 2.3 Campaña de fomento da lectura
- 2.4 Recollida de novos fondos

En moitas ocasións, a numeración é un procedemento máis aconsellable ca as viñetas, raías, letras... porque permite representar dun xeito visual as relacións que existen entre os contidos. Así permite diferenciar todos os apartados e subapartados e ademais facilita que se citen no documento.

ANEXOS

- 1 plano de planta, a escala, da obra que se vai realizar
- 2 memoria explicativa
- 3 perfís transversais
- 4 proxecto, en exemplar triplicado

Existen determinadas convencións usadas nas numeracións:

- Hai que empregar cifras arábegas.
- O parágrafo debe sangrarse pola esquerda para deixar o numeral destacado visualmente.
- A numeración empeza co 1 pero tamén se pode usar o 0 para identificar un prólogo, unha introdución..
- O número de niveis non debe ser complexo.
- O punto emprégase para separar os niveis pero non se usa despois do último deles.

Os anexos

Os anexos son os documentos que se consideran axeitados para apoiar a información que se achega no texto administrativo.

- Preséntanse de xeito opcional ao final do propio documento.
- O título deste apartado vai en maiúsculas.
- Menciónase no documento.
- Enuméranse para que a impresión visual sexa de claridade.
- Tras o escrito aparecen orixinais ou copias destes documentos na orde coa que se enumeraron.

4.4 Léxico

Vulgarismos

A linguaxe administrativa conforma unha linguaxe de especialidade. A lingua empregada nos textos administrativos encádrase nun rexistro formal e coidado.

Neste sentido, cómpre erradicar o emprego de formas arcaicas ou vulgares. Un vulgarismo é unha desviación da lingua estándar que se dá nos usos orais espontáneos ou informais.

Os vulgarismos presentan erros lingüísticos que non deben aparecer nos documentos de linguaxe administrativa e xurídica galega. Exemplos:

**úneco*, forma vulgar empregada no lugar de *único*, presenta unha alteración da vogal que vai despois da vogal tónica.

**delincuír*, forma vulgar empregada no lugar de *delinquir* (cultismo procedente do latín).

**cruñar*, forma vulgar empregada no lugar de *cuñar* (imprimir un cuño nalgún obxecto ou lugar).

✗ *Na súa declaración manifestou que non delinquiera.*

✓ *Na súa declaración manifestou que non delinquirá.*

Noutras ocasións, o vulgarismo é máis difícil de corrixir.

**con todo e con iso > a pesar diso, malia iso*

**en canto que > en canto*

✗ *E con todo e con iso sobreseuse a causa.*

✓ *Malia iso, sobreseuse a causa.*

✗ *En canto que poida, a xefa de servizo asinará o documento.*

✓ *En canto poida, a xefa de servizo asinará o documento.*

Módulo 5

Contorno

Historia: O influxo modernizador da linguaxe administrativa

Lexislación: A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias II

Gramática

O xerundio de posterioridade

Redacción e estilo

Os marcadores textuais

Léxico

Eufemismos

5.1 Contorno

Historia: O influxo modernizador da linguaxe administrativa ①16

«Unha comunicación transparente é esencial para o bo goberno».
(Robert D. Eagleson)

Dende a década dos 70 asistimos a un proceso internacional de renovación e modernización da linguaxe empregada polas administracións públicas. Amais da lingua, tamén se pretende estandarizar e racionalizar o deseño e a organización dos documentos administrativos e xurídicos, co fin de facilitar a intercomunicación entre a cidadanía e os distintos poderes públicos.

Nos Estados Unidos e no Reino Unido bota a andar a campaña *Plain English* ou *Plain Language* (traducido como *inglés cidadán* ou *linguaxe cidadá*), que promove un ambicioso proceso en prol da utilización dunha linguaxe sinxela e clara nas relacións da Administración coa cidadanía. Naceu como unha iniciativa de asociacións de consumidores que máis tarde os poderes públicos materializ-



zaron a través dunha serie de medidas: regulamentación de usos, accións formativas para o funcionariado, elaboración de recursos, seminarios, manuais de redacción e estilo etc.

Este modelo acabou exportándose a outros países nos que tivo unha implantación progresiva como Suecia, Canadá, Australia ou Francia. No ámbito galego, a súa influencia faise manifesta en moitas das accións emprendidas dende a década dos 90 co fin de planificar e elaborar un modelo propio de linguaxe administrativa galega de calidade.

Outra experiencia que apunta nesa mesma dirección é a campaña *Fight the fog* (combate a néboa), emprendida pola Unión Europea no ano 1998. O seu obxectivo é establecer directrices para a tradución de documentos oficiais na UE co fin de achegar cunha linguaxe clara as iniciativas comunitarias á cidadanía europea. O apoio ás publicacións que difunden a linguaxe sinxela ou a elaboración de libros de estilo e guías son algunhas das accións postas en marcha no ámbito da Administración europea para mellorar a calidade das súas comunicacións.

En España, este movemento renovador comeza a producirse coa chegada da democracia, na década dos 80, e ten niveis de incidencia distintos dependendo do contexto específico de cada lingua oficial

No caso do castelán administrativo os novos influxos internacionais chegaron a ter unha repercusión escasa no seu ámbito de uso. As tímidas mostras que se foron sucedendo redúcense a contadas achegas como son os manuais de estilo e documentación publicados polo Ministerio de Administración Pública.



Emporiso, no eido da linguaxe xurídica acaban de darse nos últimos anos uns pasos firmes e decididos cara á modernización do texto xurídico castelán. O Ministerio de Xustiza e a Real Academia Española crearon a Comisión para la Modernización del Lenguaje Jurídico que no ano 2011 presentou un amplo estudo científico sobre esta materia



No caso do catalán, a Escola de Administració Pública de Catalunya publica a primeira revista do Estado centrada na investigación do texto xurídico e administrativo, a *Revista de Llengua i Dret*. As valiosas investigacións ou a prolifera produción de recursos orientados á formación do persoal das administracións son hoxe referencia no estudo e no desenvolvemento da linguaxe administrativa doutras linguas.

De xeito paralelo, en Galicia son destacables as accións formativas promovidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e pola Escola Galega de Administración Pública. A produción de materiais didácticos, como os manuais de estilo e documentación, contribuíron de forma decidida a construír un modelo de linguaxe administrativa e xurídica galega de calidade.

Cómpre resaltar que no caso destas dúas linguas a implantación de cadenseu modelo de linguaxe estivo acompañada de medidas específicas que posibilitaron un avance significativo na práctica das comunicacións administrativas.

O proceso de modernización da linguaxe das administracións coincide co recoñecemento oficial das linguas propias das distintas comunidades do Estado español. O modelo de linguaxe administrativa e xurídica escollido para acompañar o proceso de

normalización do galego, do catalán e do éuscaro engade, ademais das particularidades de cada un deses idiomas, o complemento de calidade comunicativa que as novas tendencias internacionais traían consigo.

A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (II)

Artigo 10. Autoridades administrativas e servizos públicos

1. Nas circunscricións das autoridades administrativas do Estado nas que reside un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifica as medidas que seguen e segundo a situación de cada lingua, as partes comprométense, na medida en que isto é razoablemente posible:

a)

I a procurar que as autoridades administrativas utilicen as linguas rexionais ou minoritarias; ou

II a procurar que os seus axentes que están en contacto co público empreguen as linguas rexionais ou minoritarias nas súas relacións coas persoas que se dirixen a elas nestas linguas ou

III a procurar que as persoas falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar demandas orais ou escritas e recibir unha resposta nestas linguas; ou

IV a vixiar que as persoas falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar demandas orais ou escritas nestas linguas; ou

V a vixiar que as persoas falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan someter a consideración con validez un documento redactado nestas linguas;

b) a poñer ao dispor da poboación formularios e textos administrativos de uso corrente nas linguas rexionais ou minoritarias, ou en versións bilingües;

c) a permitirlles ás autoridades administrativas redactar documentos nunha lingua rexional ou minoritaria.

2. No que afecta ás autoridades locais e rexionais dos territorios en que reside un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifica as medidas que seguen, as partes comprométense a permitir e/ou fomentar:

a) o emprego de linguas rexionais ou minoritarias no marco da Administración rexional ou local;

b) a posibilidade para as persoas falantes de linguas rexionais ou minoritarias de presentar demandas orais ou escritas nestas linguas;

c) a publicación por parte das colectividades rexionais dos textos oficiais que están orixinariamente nas linguas rexionais ou minoritarias;

d) a publicación por parte das colectividades locais dos seus textos oficiais igualmente nas linguas rexionais ou minoritarias;

e) o emprego por parte das colectividades rexionais das linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír, non obstante, o emprego da(s) lingua(s) oficial(ais) do Estado

f) o emprego por parte das comunidades locais de linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír, non obstante, o emprego da(s) lingua(s) oficial(ais) do Estado

g) o emprego ou a adopción, de ser o caso, conxuntamente coa denominación na(s) lingua(s) oficial(ais), das formas tradicionais e correctas da toponimia nas linguas rexionais ou minoritarias.

3. No que afecta aos servizos públicos asegurados pola autoridades administrativas ou por persoas que operan por conta delas, as partes contratantes comprométense, nos territorios nos que as linguas rexionais ou minoritarias son utilizadas, en función da situación de cada lingua e na medida en que isto é razoablemente posible:

a) a procurar que as linguas rexionais ou minoritarias sexan empregadas con ocasión da prestación do servizo, ou

b) a permitirlles ás persoas falantes de linguas rexionais ou minoritarias formular un pedimento ou recibir unha resposta nestas linguas; ou

c) a permitirlles ás persoas falantes de linguas rexionais ou minoritarias formular un pedimento nestas.

4. Co fin da posta en práctica das disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 que estas aceptaron, as partes comprométense a tomar as medidas seguintes:

a) a tradución ou interpretación que eventualmente se requiran;

b) o recrutamento e, dado o caso, a formación do funcionariado e doutros axentes públicos en número suficiente

c) a satisfacción, na medida do posible, das demandas dos axentes públicos coñecedores dunha lingua rexional ou minoritaria de ser destinados ao territorio en que esta lingua é utilizada.

5.2 Gramática

O xerundio de posterioridade

⑩13

O xerundio é, xunto co infinitivo e co participio, unhas das tres formas non persoais do verbo, que se caracteriza por non ter flexión de tempo nin de modo. Necesariamente ha de presentar unha acción simultánea ou anterior á do verbo principal, mais nunca posterior.

- ✓ *Transcribindo a acta detectou un erro.* (accións simultáneas)
- ✓ *Accedendo á páxina web, descargou a instancia.* (acción anterior)
- ✗ *Finaliza a reunión ás 12.30 h, acordándose a contratación.* (acción posterior)

Nos documentos administrativos é moi habitual o emprego do xerundio, aínda que en ocasións usado de forma incorrecta. Este é o caso do xerundio de posterioridade.

- ✗ *Superou a última fase da oposición, conseguindo unha praza de funcionario.*
- ✓ *Superou a última fase da oposición e conseguiu unha praza de funcionario.*
- ✗ *O interventor reuniu todas as facturas, autorizando o trámite do seu pagamento.*
- ✓ *O interventor reuniu todas as facturas e autorizou o trámite do seu pagamento.*

Como se pode observar, unha boa solución para evitar ese xerundio é o uso da conxunción copulativa *e* seguida dunha forma verbal flexionada

Cómpre apuntar que o abuso do xerundio adoita producir textos ampulosos e afastados da lingua común. Para evitar isto, habermos de redactar con oracións simples, usar de xeito atinado os signos de puntuación e fuxir do uso do xerundio como elemento encadeante. Conforme inzamos o texto de oracións subordinadas, a comprensión da mensaxe diminúe.

✗ *O texto da nova lei foi aprobado polo Parlamento, establecendo a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e definindo no seu preámbulo os mecanismos que os poderes públicos han de levar a cabo para protexer e asistir as vítimas, isto é, ofrecendo asistencia sanitaria, xurídica e social, activando instrumentos básicos de protección e establecendo procedementos abreviados para acceder a axudas específicas.*

✓ *O texto da nova lei, que foi aprobado polo Parlamento, establece a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

No seu preámbulo defínense os mecanismos que os poderes públicos han de levar a cabo para protexer e asistir as vítimas:

- *ofrecer asistencia sanitaria, xurídica e social;*

- *activar instrumentos básicos de protección;*

- *e establecer procedementos abreviados para acceder a axudas específicas.*

5.3 Redacción e estilo

Os marcadores textuais

①14

As ideas de calquera texto sucédense unidas a través dunha relación lóxica.

Os marcadores textuais son palabras que describen as relacións entre as ideas dun texto. Serven para organizar os documentos administrativos de maneira que a súa lectura resulte máis doada e clara.

Hainos que só se poden empregar na oración e outros que son extraoracionais.

A consellería tomará as medidas necesarias para corraxir os problemas ocasionados.

A deputación e o concello elaboraran unha serie de informes, pero non asinaron o acordo.

Nestes dous casos os marcadores son elementos lingüísticos de relación dentro da oración.

En primeiro lugar, necesito realizar unha obra nunha leira denominada Esmoriz. Esta leira linda co río Sarela, que pasa pola aldea de Seoane, na parroquia de Outeiriño, concello de Santiago de Compostela, provincia da Coruña.

Ademais, soliciteille ao presidente de Augas de Galicia o 03.10.2011 que se me concedese a autorización para realizar a obra especificada e [...]

Os dous marcadores textuais son extraoracionais e facilitanlle ao receptor que siga o fio do discurso. Grazas a eles o documento administrativo é máis claro e ordenado. É dicir, estes elementos funcionan como organizadores textuais que nos axudan a asimilar a información.

Deseguido, achégase unha selección de marcadores oracionais e textuais empregados na linguaxe administrativa galega.

Marcadores oracionais

- **causa:** porque, xa que, pois, como, dado que, posto que...
- **finalidade:** para que, a fin de que, co fin de que, co obxecto de, coa finalidade de..
- **consecuencia:** polo tanto, de modo que, por isto, pois, por conseguinte, xa que logo...
- **condición:** de ser o caso, se é o caso, sempre que, sempre e cando, con tal de que...
- **oposición:** en cambio, en troques, agora ben, con todo, no entanto, porén...
- **obxección:** non obstante, aínda que, malia que, a pesar de que, ben que, emporiso...

Marcadores textuais

- **introducir o tema do texto:** para comezar, este texto trata de, o obxectivo principal de...
- **continuar sobre o mesmo tema:** hai que destacar, noutras palabras, facer énfase...
- **introducir un tema novo:** en canto a, en relación con, verbo de, no que se refire a, no que atinxe a..
- **detallar:** ou sexa, isto é, por exemplo, quere dicir, en particular, en concreto...
- **marcar unha orde:** en primeiro lugar, para comezar, en segundo lugar, a seguir, deseguido, en último lugar, para rematar, ao final..
- **resumir:** en resumo, resumindo, en poucas palabras, en síntese...

- **distinguir**: por unha banda, por outra banda, de por parte, por un lado, por outro, en cambio, en troques, pola contra...
- **acabar**: por último, para finaliza, para acabar, en conclusión, finalmente, concluíndo..

Cada tipo de documento está asociado cun determinado tipo de marcadores textuais.

5.4 Léxico

Eufemismos

①15

Nos documentos administrativos tamén teñen repercusión os elementos extralingüísticos. É dicir, o léxico tamén se elixe segundo a motivación psicolóxica do emisor que, por exemplo, quere disimular ou enmascarar a súa verdadeira intención xa que lle afecta á cidadanía de forma negativa.

O emisor pode minguar a dureza dunha mensaxe cuxo texto é de obrigado cumprimento botando man dos eufemismos. Estes empréganse acotío para mitigar o efecto daquelas accións que implican algún tipo de custo para o administrado.

O eufemismo ou tabú lingüístico é, xa que logo, un procedemento léxico que consiste en substituír termos que se queren evitar porque resultan desagradables.

× *Animámolo ao pagamento das seguintes sancións...*

✓ *Ten que pagar as seguintes multas...*

Cómpre controlar e, polo tanto, limitar os usos eufemísticos que se rexistran nos documentos xurídicos. Así o explicaba Gregorio Salvador: «Ou sexa que para facilitar as relacións entre a Administración e os cidadáns o que hai é que prescindir de cerimonia».

Non debemos confundir este uso intencionado do léxico, para ocultar ou suavizar realidades, coa escolla de terminoloxía «politicamente correcta». Nestes casos, a Administración adopta termos ou expresións a través dos cales transmite os valores de igualdade e xustiza social que son propios das sociedades democráticas.

× *Subnormal* ✓ *Discapacitado/a intelectual*

× *Inútil* ✓ *Persoa con necesidades especiais*

Alguns exemplos de usos eufemísticos:

Eufemismos

Termos que substitúen

bo estado financeir

riqueza

desvío de fondos

roubo

persoas economicamente débiles; persoas en situación de precariedade, con risco de exclusión social ou económica

pobres

readaptación ou revisión de prezos

suba de prezos

taxa temporal de solidariedade ou axuste

recorte

terceira idade

vellez

transeúntes marxinados

mendigos

zona improdutiva por abandono

zona de economía deprimida

Módulo 6

Contorno

Sociolingüística: O galego e as linguas

Gramática

O xerundio especificativo

Redacción e estilo

A redundancia: formas baleiras, concorrencias e formulismos

Léxico

Locucións e fraseoloxía administrativa I

6.1 Contorno

Sociolingüística: O galego e as linguas ⓘ 18 e 19

No mundo existen arredor de 6 000 linguas, segundo datos da UNESCO.

Por número de falantes, o galego ocupa o número 136, por diante de moitos idiomas estatais europeos, entre eles o lituano, o letón, o estonio, o macedonio, o maltés, o islandés...

Unha mostra da súa vitalidade é que o galego está entre as 118 linguas que posúen interface en Google e entre o medio cento de linguas no que se pode obter o sistema operativo de Windows.

En canto ao número de libros traducidos a unha lingua, o galego está no posto 48 e ocuparía o número 37 en canto ao número de páxinas web dispoñibles.

Historicamente o galego relaciónase con outras linguas románicas, como o francés, o castelán, o italiano etc. E, sobre todo, está emparentada co portugués. Isto dálle a potencialidade de poder comunicarnos con millóns de falantes destas linguas por todo o mundo.

De todos os xeitos, que unha lingua teña máis falantes que outra non significa que sexa máis importante. No seguinte gráfico móstrase cales son as 20 linguas máis faladas do planeta segundo Ethnologue, un prestixioso proxecto de investigación que leva compilando datos sobre as linguas do mundo dende os anos 50.

Unha lingua que ten máis de 80 millóns de falantes como o xavanés, que ocupa o posto número 11 entre as linguas máis faladas do mundo, podería non ser considerada unha «lingua importante» no panorama internacional. O conxunto da listaxe tamén nos

serve para, por exemplo, desmitificar a preponderancia das linguas europeas a nivel mundial.

Lugar	Nome da lingua	Estado orixinal	Outros estados en que se fala	Millóns de falantes
1	chinés mandarín	China	31	1 213
2	español	España	44	329
3	inglés	Reino Unido	112	328
4	árabe	Arabia Saudita	57	221
5	hindi	India	20	182
6	bengalí	Bangladesh	10	181
7	portugués	Portugal	37	178
8	ruso	Federación rusa	33	144
9	xaponés	Xapón	25	122
10	alemán	Alemaña	43	90,3
11	xavanés	Indonesia	5	84,6
12	lahnda	Paquistán	8	78,3
13	telegú	India	10	69,8
14	vietnamita	Vietnam	23	68,6
15	maratí	India	5	68,1
16	francés	Francia	60	67,8
17	coreano	Corea	33	66,3
18	tamil	India	17	65,7
19	italiano	Italia	34	61,7
20	urdú	Pakistán	23	60,6

Táboa adaptada de http://ethnologue.com/ethno_docs/distribution.asp?by=size

6.2 Gramática

O xerundio especificativo

Trátase doutro uso incorrecto do xerundio. Tamén chamado «xerundio do BOE» por ser habitual nas disposicións normativas ou regulamentarias. Expresa, de maneira errada, estado ou calidade e modifica o substantivo que acompaña

- ✗ *Envíolle a resolución modificando as puntuacións provisionais.*
- ✓ *Envíolle a resolución que modifica as puntuacións provisionais.*
- ✗ *Rexistrouse unha reclamación recollendo as sinaturas de toda a veciñanza.*
- ✓ *Rexistrouse unha reclamación que recollía as sinaturas de toda a veciñanza.*

Neste caso, substituiremos o xerundio por unha forma de relativo e unha forma verbal flexionada

6.3 Redacción e estilo

A redundancia: formas baleiras, concorrencias e formulismos

①7

«O exceso de información é a maior desinformación.»
(Umberto Eco)

As formas baleiras

A información dos documentos administrativos debe ordenarse de forma lóxica. Empregaranse oracións curtas e desbotaranse

frases ou oracións que non acheguen contido e que dificulten a comprensión do documento.

- ✗ *Pola presente e en virtude do acordado nesta data polo director xeral...*
- ✓ *Segundo o que acordou o director xeral...*

A linguaxe administrativa debe procurar a calidade e a eficacia comunicativas. Por iso o estilo debe ser pouco solemne e próximo á lingua común. Así, cómpre desbotar os retoricismos baleiros e a complexidade innecesaria na sintaxe ou no léxico, co fin de que a información sexa clara e se expoña de xeito comprensible e sen rodeos.

Debemos evitar os circunloquios, expresar con moitas palabras o que se pode dicir con menos. Unicamente debe aparecer a información suficiente e necesaria

- ✗ *E desexando dar comezo ás obras expresadas e citadas, de tal modo e maneira como se fixo a descrición no devandito proxecto, suplico que se me conceda a oportuna e necesaria licenza despois de realizar os trámites preceptivos e obrigatorios.*
- ✓ *Solicito que se me conceda a licenza para comezar a obra descrita no proxecto xa que realicei os trámites preceptivos.*
- ✗ *Teño o honor de remitir o proxecto abaixo expresado.*
- ✓ *A continuación remítolle o proxecto.*

Eliminaremos as construcións perifrásticas formadas por un verbo baleiro + substantivo. Recoméndase substituír o verbo baleiro de significado seguido de substantivo pola forma verbal correspondente co fin de procurar un estilo máis claro

- ✗ *O consellerio puxo de manifesto o seu desacordo.*
- ✓ *O conselleiro manifestou o seu desacordo.*

- ✗ *Procederon a publicar o anuncio.*
- ✓ *Publicaron o anuncio.*
- ✗ *Vailles dar trámite a estas dilixencias.*
- ✓ *Vai tramitar estas dilixencias.*
- ✗ *Esta dirección xeral procedeu ao aboamento da factura.*
- ✓ *Esta dirección xeral aboou a factura.*

Velaquí algunhas destas estruturas perifrásticas:

conceder a aprobación	<i>aprobar</i>
dar aviso	<i>avisar</i>
dar comezo	<i>comezar</i>
dispoñer a anulación	<i>anular</i>
facen entrega	<i>entregar</i>
facen público	<i>publicar</i>
facen uso da palabra	<i>falar, intervir</i>
facen uso das instalacións	<i>usar as instalacións</i>
poñer de manifesto	<i>manifestar</i>
poñer en coñecemento	<i>comunicar</i>
proceder á apertura do sobre	<i>abrir o sobre</i>
proceder á celebración	<i>celebrar</i>
proceder á clausura do local	<i>clausurar o local</i>
proceder á elección	<i>elixir</i>
proceder á identificación do cadáver	<i>identificar o cadáver</i>
proceder á publicación	<i>publicar</i>
proceder á sanción	<i>sancionar</i>

proceder á sinatura do acordo
 proceder ao establecemento
 realizar o aboamento
 tomar parte

asinar o acordo
establecer
aboar
participar

Outras veces trátase de locucións que poden substituírse por outras máis lexibles:

á atención de	<i>para</i>
a título de	<i>como</i>
co fin de, a fin	<i>para</i>
co obxecto de	<i>para</i>
con excepción de	<i>agás</i>
de agora en diante	<i>en diante</i>
de conformidade con	<i>conforme, consonte</i>
en aplicación de	<i>aplicando, conforme con</i>
en atención a	<i>por</i>
en calidade de	<i>como</i>
con data do	<i>o</i>
en materia de	<i>sobre</i>
en todo caso	<i>sempre</i>
en virtude de	<i>por razón de, consonte</i>
independentemente de	<i>alén de</i>
na súa condición de	<i>como</i>

As concorrencias

A finalidade da linguaxe administrativa é achegar unha información determinada. Se queremos que a comunicación sexa completa, temos que desbotar os contidos innecesarios xa que o único que fan é desviar a atención do receptor.

Na linguaxe administrativa tradicional rexístranse concorrencias de verbos, substantivos... que se poden simplificar nun só elemento (*así o mando, asino e expido; no nome e representación; de tal modo e maneira...*)

Debemos evitar o emprego de parellas de sinónimos xa que son redundantes (*necesario e preceptivo, prisión cautelar e preventiva, comunícolle e particípolle...*).

× *Achegou o necesario e preceptivo informe médico...*

✓ *Achegou o informe médico preceptivo...*

× *O ruído que se produce no interior da cafetería é altísimo de tal modo e maneira que impide o descanso de todo o bloque de vivendas.*

✓ *O ruído que se produce no interior da cafetería é altísimo de tal modo que impide o descanso de todo o bloque de vivendas.*

Os formulismos

Unha fórmula é un clixé que non proporciona información nova. A linguaxe administrativa tradicional fomentou o uso de moitos destes formulismos que hoxe en día se consideran inoperantes.

- Fórmula de súplica, que contradí o espírito democrático da linguaxe administrativa.

× *Suplícolle encarecidamente que teña en conta a solicitude...*

✓ *Achégolle a solicitude...*

- Fórmula de expresión do suxeito en terceira persoa (*o que subscribe, o infraescrito, o abaixo asinante...*)

× *O infraescrito pai recoñece que...*

✓ *O pai recoñece que...*

- Fórmula de manifestación de respecto.

× *E co debido respecto, quero comunicarlle que...*

✓ *Comunícolle que...*

Daquela, convén suprimir todas estas fórmulas porque son redundantes e recargan o contido.

6.4 Léxico

Locucións e fraseoloxía administrativa (I)

A linguaxe administrativa caracterízase pola presenza de locucións prepositivas e frases feitas. As locucións prepositivas implican un gran nivel de formalidade e repetición propio deste rexistro lingüístico.

Estas locucións teñen unha forma escrita normativa que debemos coñecer para evitar as vacilacións na escrita.

***a nivel de**
en

Só pode empregarse cando se refire a algo no que hai niveis

- × *A nivel económico, a situación é complexa.*
- ✓ *No económico a situación é complexa.*
- ✓ *Quere estar ao nivel do seu xefe.*

a partir de

ás

Fai referencia á orixe dun proceso pero non ao momento mesmo no que ten lugar unha acción.

- × *A reunión comezará a partir das 11.00 h.*
- ✓ *A reunión comezará ás 11.00 h.*

***de acordo a**

de acordo con
segundo
consonte
conforme

Só pode empregarse coa preposición *con*.

- × *O contrato redactouse de acordo a esta lei.*
- ✓ *O contrato redactouse de acordo con esta lei.*

***en aras de**

en beneficio d
en prol de

Expresión castelá de rexistros formais que se emprega impropriamente con valor final nos documentos xurídicos do castelán.

Poden empregarse para substituíla: *para, en prol de, de cara a* ou *en beneficio de*.

- × *En aras dunha xustiza máis transparente e na liña marcada, na Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza recóllese o deber de dar información e atención axeitada para os usuarios da xustiza.*
- ✓ *En prol dunha xustiza máis transparente e na liña marcada, na Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza recóllese o deber de dar información e atención axeitada para os usuarios da xustiza.*

***en base a**

baseado en
segundo
de acordo con

Esta locución, que hoxe está moi estendida na linguaxe administrativa, debe evitarse.

Poden empregarse para substituíla: *baseado en, segundo, de acordo con...*

- × *Esta área está suxeita a medidas de xestión en base á lexislación vixente.*
- ✓ *Esta área está suxeita a medidas de xestión segundo a lexislación vixente.*

con data do

do día
do
*de data

Expresións empregadas na linguaxe administrativa como tradución da locución adverbial do castelán *de fecha*.

En galego debe substituírse por *do día* ou *do*.

- ✓ *Na Orde con data do 02.11.2009 establécese a necesidade de realizar prácticas docentes.*
- ✓ *Na Orde do 02.11.2009 establécese a necesidade de realizar prácticas docentes.*

Módulo 7

Contorno

Sociolingüística: O galego na Administración europea

Gramática

O xerundio: usos correctos

Redacción e estilo

Focaxe, digresións, escuridade e lonxitude

Léxico

Locucións e fraseoloxía administrativa II

7.1 Contorno

Sociolingüística: O galego na Administración europea ①21

A defensa da diversidade lingüística en Europa foi unha cuestión primordial xa nos albores da fundación da Comunidade Europea. Así, o Parlamento Europeo creou a Oficina das Linguas Minoritarias no ano 1979 ao tempo que abriu liñas orzamentarias de apoio para estas linguas.

O Consello de Europa e a Comisión Europea recoñecen a diversidade lingüística como unha riqueza que se debe preservar. Deste xeito, promoven numerosas iniciativas, como a elaboración da Carta europea das Linguas rexionais ou minoritarias (1992), crean o Centro Europeo de Linguas Vivas e instauran o Día Europeo das Linguas, que se conmemora cada ano o 26 de setembro.

O galego é dende finais de 2005 lingua presente nas institucións europeas. O seu uso xa é oficialmente un feito no Comité de Rexións.

O Parlamento Europeo aprobou a utilización das linguas cooficiais de España nas comunicacións da cidadanía con este órgano. Os acordos tamén permiten o uso do galego no Consello de Ministros da Unión Europea e na Comisión Europea.

Os cidadáns e as cidadás de Galicia que se dirixan aos órganos europeos que os representan poden usar tamén o galego para esas comunicacións e teñen dereito a recibir constestación nesta lingua.

A Administración da Unión Europea é plurilingüe. Trátase dun organismo que conta con 23 linguas oficiais e de traballo, aínda que adoita empregar o inglés, o francés e o alemán como linguas de procedemento.

7.1 Gramática

O xerundio: usos correctos

Logo de ver nos módulos anteriores aqueles casos en que o xerundio se empregaba de maneira incorrecta, mostramos agora estoutros onde o xerundio está ben utilizado.

- Cando presenta unha acción simultánea á do verbo principal.

Escribía a reclamación consultando a convocatoria.

- Cando presenta unha acción anterior á do verbo principal.

Saíndo da xuntanza, a conselleira atendeu os medios nos corredores.

- Cando indica a continuidade dunha acción.

A secretaria continuou redactando a acta.

- Cando introduce unha explicación.

O concello, comprobando o éxito da actividade, deulle continuidade.

- Cando indica modo, tempo, condición, causa ou concesión (circunstancias).

*Pasou a mañá explicando a maneira de cubrir a solicitude.
(modal)*

Chegando o presidente, os membros da comisión entraron canda el. (temporal)

*Presentando a reclamación, obterán unha resposta.
(condicional)*

A reunión, sendo tan tarde, tivo que adiarse. (causal)

*Aínda existindo un informe desfavorable, aprobaron as obras.
(concesiva)*

7.2 Redacción e estilo

Focaxe, disgresións, escuridade e lonxitude ①20

En xeral, as oracións máis claras presentan a estrutura básica da frase (suxeito + verbo + complementos). Neste sentido, é preferible botar man da voz activa xa que estas oracións son as que mellor respectan a orde da frase (suxeito + verbo + complementos) e nelas a información máis importante, a achegada polo suxeito, vai ao principio.

O convenio regulador_{CD} foi ratificado_{Verbo} polas partes_{Sux. paciente}

Mellor:

As partes_{Sux.} ratificaron_{Verbo} o convenio regulador_{CD}

En galego esta é a organización cognitiva máis usual. Isto é, o xeito máis natural de distribuír os diferentes elementos que compoñen unha frase. A comunicación é máis eficaz se as partes da frase se achegan coa súa orde natural.

Ademais, a redacción de documentos administrativos debe respectar a estrutura dos sintagmas nominais (artigo + nome + adxectivo).

× ...outórgalles unha sistemática ordenación.

✓ ...outórgalles unha ordenación sistemática.

× Alegaron unha errada valoración da proba.

✓ Alegaron unha valoración errada da proba.

Nos documentos administrativos a información debe ter unha distribución lóxica: o máis importante debe aparecer ao principio. Deste xeito, cáptase a atención do receptor e evítase que estea á expectativa.

× Á vista das actuacións practicadas no expediente chégase á conclusión de que no caso que se examina durante a tramitación deste se produciu unha paralización das actuacións superior á prevista na normativa vixente no momento da denuncia, polo que se produciu a prescripción da infracción sancionada, e en consecuencia procede revogar integralmente a resolución impugnada, deixando sen efecto a sanción imposta.

✓ A infracción sancionada prescribiu. Revógase integralmente a resolución impugnada e déixase sen efecto a sanción imposta debido a que durante a tramitación do expediente se produciu unha paralización das actuacións superior á prevista na normativa vixente no momento da denuncia.

Se alteramos esta orde habitual dos elementos da oración, centramos a nosa atención sobre o elemento que se despraza e, deste xeito, convertémolo en foco da información.

Os incisos que afecten a toda a oración e indiquen circunstancias de tempo e lugar colócanse acotío ao principio da oración. Aque-

les que posúan un carácter explicativo ou xustificativo colócanse ao final da oración

✓ *O día 20 de xullo de 2011, notificóuseme un requirimento...*

✓ *Consonte os artigos 40 e 76.3 da Lei 30/1992 [...], infórmoa de que...*

Nas dúas oracións están focalizados os complementos e por iso van ao principio.

No entanto, hai exemplos coa orde alterada e que resultan complexos e innecesarios.

✗ *Teñen a obriga as partes comparecentes...*

✓ *As partes comparecentes teñen a obriga...*

Na documentación administrativa debemos atopar a información importante axiña. O inciso pode dificultar a lectura se se coloca entre dúas palabras que deben aparecer xuntas. Neste sentido, debemos limitar os incisos.

✗ *Maruxa Xove Ferreiro, nacida no Carballiño e casada, cesa hoxe no posto base, que ocupou durante 24 anos co código ELG000777456333, de nivel 16.*

✓ *Maruxa Xove Ferreiro cesa hoxe no posto base de nivel 16. O código do posto é ELG000777456333.*

Na frase corrixida aparecen só os incisos que non son superfluos e reordenanse adecuadamente. Así, non se pode separar *posto base* e *de nivel 16*.

Na linguaxe administrativa hai unha tendencia a construír oracións cunha lonxitude excesiva.

A oración simple é máis comprensible ca a subordinada xa que nela se identifica a información de xeito máis claro. Daquela, cómpre evitar as frases e os parágrafos demasiado longos.

Os parágrafos deben ter unha estrutura e as frases deben ser curtas ou coordinadas. Neste sentido, cómpre limitar a subordinación e o encabalgamento de ideas: unha idea > unha oración. Recoméndase que cada parágrafo teña entre 5 e 10 liñas e cada oración contará con 25 ou 30 palabras aproximadamente.

✗ *Informe no que se fai constar que o día 25.09.2012 os obreiros que se atopaban traballando no edificio que está situado na rúa Sixto, número 15, en Santiago de Compostela, foron os responsables de que rompese a beirarrúa que está situada á saída do inmovble de maneira que se tivo que presentar o persoal do concello co fin de amañar a avaría.*

✓ *No informe faise constar que o día 25.09.2012 se produciu unha avaría nunha beirarrúa da Santiago de Compostela. Os obreiros que estaban traballando no edificio da rúa Sixto, número 15, foron os responsables de romper a beirarrúa xusto á saída do inmovble. O persoal do concello acudiu ao lugar da avaría para amañala.*

Un bo consello para reducir unha oración excesivamente longa é substituír os enlaces subordinados por signos de puntuación.

✗ *Ponse en coñecemento de todas as persoas interesadas na concentración parcelaria de Toldaos (O Incio, Lugo), que co obxecto de que tomen posesión definitivamente delas, se poñen á disposición dos respectivos propietarios as leiras de substitución, fixándose como data límite para a dita toma de posesión, o 31.12.2012.*

✓ *Comunicáselles a todas as persoas interesadas na concentración parcelaria de Toldaos (O Incio, Lugo) que se lles entregan aos respectivos propietarios as leiras de substitución para que tomen posesión delas. A data límite para esta toma de posesión é o 31.12.2012.*

O emprego axeitado dos signos de puntuación permítenos ordenar a información (do xeral ao particular), organizar o contido e segmentar os parágrafos e as oracións.

7.3 Léxico

Locucións e fraseoloxía administrativa (II)

*a ciencia certa

con certeza
sen dúbida

Trátase dun castelanismo innecesario xa que en galego dispoñemos doutras solucións tradicionais.

- ✗ *Non podemos coñecer a ciencia certa cales serán as consecuencias do novo plan sectorial.*
- ✓ *Non podemos coñecer con certeza cales serán as consecuencias do novo plan sectorial.*

en calidade de

como

Debe desbotarse esta expresión e empregar no seu lugar *como*.

- ✓ *Asistiu á reunión en calidade de presidente.*
- ✓ *Asistiu á reunión como presidente.*

*en orde a

para
co fin d
co propósito de
con vistas a

Anglicismo que se emprega impropriamente con valor final nos documentos administrativos e xurídicos

- ✗ *O Ministerio de Fomento determinará os requisitos que deberán cumprir as empresas navieiras en orde a acreditaren a súa capacidade económica.*
- ✓ *O Ministerio de Fomento determinará os requisitos que deberán cumprir as empresas navieiras para acreditaren a súa capacidade económica.*

*no seu caso

se é o caso
de ser o caso
chegado o caso

Esta locución, que hoxe está moi estendida na linguaxe administrativa, debe evitarse.

- ✗ *Aplicarase, no seu caso, o previsto no artigo 129.*
- ✓ *Aplicarase, de ser o caso, o previsto no artigo 129.*

*en tempo e forma

no tempo e na forma que
procedan
no tempo e na forma que
correspondan

Esta locución en galego precisa do verbo.

Cómpre prestarlle atención á linguaxe telegráfica e á omisión de elementos necesarios (artigo, verbo...).

- ✗ *Determinanse os criterios para valorar os méritos acreditados en tempo e forma.*
- ✓ *Determinanse os criterios para valorar os méritos acreditados no tempo e na forma que procedan.*

en virtude de

segundo
por
a causa de

Convén evitar esta locución prepositiva por achegarlle un carácter arcaico á comunicación administrativa.

Debe dicirse máis sinxelamente *segundo*, *por* ou *a causa de*.

- ✗ *En virtude do disposto na lexislación vixente.*
- ✓ *Segundo o disposto na lexislación vixente.*

Módulo 8

Contorno

Sociolingüística: O ecolingüismo ou o respecto pola diversidade lingüística

Gramática

Os réximes preposicionais

Redacción e estilo

A linguaxe igualitaria

Léxico

Locucións e fraseoloxía administrativa III

8.1 Contorno

Sociolingüística: O ecolingüismo ou o respecto pola diversidade lingüística ①23 - 25

En canto ás linguas, puidemos ver que todos os regulamentos de carácter internacional inciden na idea de defender e fomentar a diversidade lingüística.

Enténdese que o respecto pola pluralidade cultural e lingüística é un dos piares das sociedades modernas e, naquelas en que isto é unha realidade, convértese nun indicador esencial da saúde dos sistemas democráticos.

A defensa da diversidade lingüística agroma nos anos 70, cando se establece un paralelismo entre a biodiversidade e o contorno da linguaxe. Ao igual que nas últimas décadas do século pasado aumentou a preocupación pola perda de variedades de especies animais e vexetais, que se sabe que son fundamentais para a vida tal e como a entendemos, a ecolingüística centra a atención no perigo que supoñería camiñar cara á homoxeneización lingüística e cultural.

Desta maneira, a desaparición de variantes de expresión lingüística provocaría, ao igual que cando se extingue unha especie natural, unha perda de riqueza insalvable para a humanidade. Perderíase un xeito de expresión cultural da que nunca máis poderíamos tirar proveito.

De aí vén a necesidade de protexer a diversidade lingüística, xa que iso é sinónimo de adquisición de bens culturais e materiais, produto da interacción entre diferentes comunidades.

Todas estas comunidades tentan defender ou divulgar a súa lingua porque saben da súa importancia simbólica e porque serven para proxectar o seu modo de vida.

8.2 Gramática

Os réximes preposicionais

Na linguaxe administrativa é frecuente atoparmos erros no réxime preposicional dalgúns verbos. Unhas veces, prescindimos de certas preposicións necesarias (queísmo); outras, introducímolas alí onde non se admiten (dequeísmo).

- ✗ *Insistiuse que para aprobar o plan sectorial debía haber consenso.*
- ✓ *Insistiuse en que para aprobar o plan sectorial debía haber consenso.*
- ✗ *O concelleiro consideraba de que esa decisión provocaría un informe desfavorable.*
- ✓ *O concelleiro consideraba que esa decisión provocaría un informe desfavorable.*

Algúns verbos rexen varias preposicións ou locucións prepositivas.

- informar de / sobre / acerca de

× *A asesoría xurídica informou os cambios na regulamentación.*

✓ *A asesoría xurídica informou dos (sobre os / acerca dos) cambios na regulamentación.*

Outros, varían o seu significado en función da preposición que usamos.

- recorrer contra / recorrer a

× *Disporá dun prazo de 10 días para recorrer esta resolución.*

✓ *Disporá dun prazo de 10 días para recorrer contra esta resolución.*

✓ *A consellería recorreu a unha asistencia técnica para elaborar o proxecto.*

Tamén hai verbos que presentan dous réximes preposicionais. Poden construírse con complemento directo sen preposición ou con complemento réxime introducido por preposición.

- advertirlle algo a alguén / advertir a alguén de algo

Advírtolle que posúe un prazo de 15 días para entregar a documentación.

Advírtoo de que posúe un prazo de 15 días para entregar a documentación.

- requerirlle algo a alguén / requerir a alguén para algo

Requírolle que presente a documentación nun prazo de 10 días.

Requíroo para que presente a documentación nun prazo de 10 días.

Velaquí unha pequena mostra de erros frecuentes nos réximes preposicionais:

apto para

ata / até o punto de que

atentar contra

barco de vela

catedrático de química

chega dentro de media hora

co pretexto

coa condición de que

convenceu a amiga de que

cualificar d

darse (de) conta de que

dende o momento en que / de

dende o punto de vista

despois de que

discrepar de

dotar de

especular con

estar convencido de que

estar seguro de que

facen ben en

facen caso de (algo)

*apto en

*ata / até o punto que

*atentar a

*barco a vela

*catedrático en química

*chega en media hora

*baixo o pretexto

*coa condición que

*convenceu a amiga que

*cualificar com

*darse (de) conta que

*dende o momento que

*baixo o punto de vista

*despois que

*discrepar con

*dotar con

*especular sobre

*estar convencido que

*estar seguro que

*facen ben de

*facen caso a (algo)

grosso modo	*a grosso modo
informar de / sobre / acerca de que	*informar que
insistir en que	*insistir que
no caso de que	*no caso que
non cabe / hai dúbida de que	*non cabe / hai dúbida que
non lle fixo caso a ningué	*non fixo cas de ninguén
o interrogatorio a	*o interrogatorio de
titularse	*levar por título
vehículo de motor	*vehículo a motor

8.3 Redacción e estilo

A linguaxe igualitaria

①22

No que atinxe á expresión lingüística, a Administración non pode facer distincións innecesarias entre homes e mulleres; daquela, a linguaxe administrativa ten que eliminar termos e expresións sexistas ou con connotacións discriminatorias.

Se a linguaxe dá mostras de discriminación sexual, reflect unha realidade social. Segundo a sociedade cambia, a lingua adaptación á nova realidade.

En todo caso, non se pode esquecer que o obxectivo principal da linguaxe é a comunicación e que a súa eficacia debe basearse en criterios de economía e funcionalidade. Lembremos ademais que a linguaxe administrativa debe buscar a exactitude e a precisión.

Estes son algúns dos recursos lingüísticos dos que dispoñemos para redactar documentos administrativos sen connotacións sexistas:

- Adaptar o cargo ao xénero da persoa sempre que fagamos referencia a unha persoa determinada.

× *Belén Martiño Castro, secretario xeral de...*

A oración anterior é gramaticalmente incorrecta e contribúe á discriminación. Daquela, o correcto é:

✓ *Belén Martiño Castro, secretaria xeral de...*

- Empregar substantivos abstractos e colectivos en sentido xenérico. Deste xeito, destácase a función e non as persoas que as realizan.

× *Os profesores do CEIP Agro do Muíño de Ames...*

✓ *O profesorado do CEIP Agro do Muíño de Ames...*

× *Os interesados en adquirir o bono...*

✓ *As persoas interesadas en adquirir o bono...*

× *As medidas repercuten no salario dos filólogos...*

✓ *As medidas repercuten no salario das persoas licenciadas en Filoloxía.*

× *Aféctalles aos funcionarios de toda Galicia.*

✓ *Aféctalle ao funcionariado de toda Galicia.*

× *Os candidatos para o posto de traballo...*

✓ *As persoas candidatas para o posto de traballo...*

× *Os alcaldes asinaron un acordo...*

✓ *As alcaldías asinaron un acordo...*

Velaquí esta listaxe de palabras de significado colectivo

acusación, comunidade, presidencia, alcaldía, consello, profesión, agrupación, conxunto, profesional, alumnado, defensa, profesorado, asemblea, dirección, público, asociación, equipo, reitorado, autoridades, funcionariado, tutoría, avogacía, grupo, veciñanza, cadro de persoal, infancia, voluntariado, cidadanía, mocidade, xente, colectivo, persoal, xerencia, colectividade, po-boación, xuventude

- Utilizar pronomes sempre con tino para non empregar construcións agramaticais.

× *Os funcionarios e as funcionarias seleccionados e seleccionadas...*

× *Os e as funcionarios seleccionados...*

✓ *Quen supere a selección...*

✓ *Os e as que se seleccionen...*

× *Se algún cidadán presenta este documento...*

✓ *Se alguén presenta este documento...*

× *Os solicitantes deberán presentar...*

✓ *Quen o solicite deberá presentar...*

- Poñer os dous xéneros desenvolvidos.

× *Aféctalles aos funcionarios de toda Galicia.*

✓ *Aféctalles aos funcionarios e funcionarias de toda Galicia.*

- Empregar os dous xéneros separados por unha barra.

× *Solicitante: D.*

✓ *Solicitante: D. / D^a*

Este recurso non se pode empregar de maneira reiterada nun documento administrativo xa que pode recargar e complicar a lectura do documento.

- É incorrecto o emprego de @ nos documentos administrativos: **avogad@*.

A incorporación da muller a postos de traballo que antes non desenvolvía vai canda a adaptación morfolóxica de novos termos: *xuíza, médica, enxeñeira, ministra, conselleira...*

× *A xuíz pronunciou sentenza.*

✓ *A xuíza pronunciou sentenza.*

× *A ministro de Emprego e Seguridade Social é Fátima Báñez García.*

✓ *A ministra de Emprego e Seguridade Social é Fátima Báñez García.*

Noutros casos o uso do feminino aínda non está moi estendido. Se fose así, empregaremos o artigo *o/a fiscal*.

Substantivos variables

Cómpre que destaquemos a tendencia actual a poñer en feminino os nomes de oficios e profesións. Neste sentido, as profesións e os cargos deben ter o mesmo sexo ca o da persoa que o exerce. Para facer o feminino engádesse o morfema correspondente ao termo masculino.

administrador *administradora*

enxeñeiro *enxeñeira*

administrativo *administrativa*

médico *médica*

<i>alumno</i>	<i>alumna</i>
<i>mineiro</i>	<i>mineira</i>
<i>arquitecto</i>	<i>arquitecta</i>
<i>pallaso</i>	<i>pallasa</i>
<i>asesor</i>	<i>asesora</i>
<i>prostituto</i>	<i>prostituta</i>
<i>axudante</i>	<i>axudanta</i>
<i>reitor</i>	<i>reitora</i>
<i>avogado</i>	<i>avogada</i>
<i>secretario</i>	<i>secretaria</i>
<i>banqueiro</i>	<i>banqueira</i>
<i>técnico</i>	<i>técnica</i>
<i>coordinador</i>	<i>coordinadora</i>
<i>xuíz</i>	<i>xuíza</i>
<i>delegado</i>	<i>delegada</i>
<i>vice-reitor</i>	<i>vice-reitora</i>
<i>director</i>	<i>directora</i>

Substantivos invariables

Para marcar o feminino ou o masculino, nos casos invariables empréganse os determinantes antepostos: *o/a fiscal*.

<i>o/a auxiliar</i>	<i>o/a fiscal</i>
<i>o/a contable</i>	<i>o/a xerente</i>
<i>o/a conferenciante</i>	<i>o/a intérprete</i>
<i>o/a conserxe</i>	<i>o/a ordenanza</i>
<i>o/a delineante</i>	<i>o/a representante</i>

<i>o/a economista</i>	<i>o/a solicitante</i>
<i>o/a fabricante</i>	<i>o/a suplente</i>

As propostas mencionadas non resolven todos os casos nin se poden aplicar sistematicamente á linguaxe administrativa.

A linguaxe igualitaria está limitada:

- polo respecto á normativa da lingua galega;
- polo principio de adecuación á comunicación;
- pola naturalidade expresiva.

8.4 Léxico

Locucións e fraseoloxía administrativa (III)

*primeiro de todo

en primeiro lugar
ante todo

Trátase dunha frase incorrecta que cómpre substituír por *en primeiro lugar* ou *ante todo*.

- ✗ *Primeiro de todo, debe identificarse.*
- ✓ *En primeiro lugar, debe identificarse.*

*so pretexto de

co gallo de
co pretexto de

Só significa *baixo* cando expresa lugar inferior con respecto doutro superior.

- ✗ *A Administración non poderá, so pretexto da súa potestade rectificadora de oficio, encubrir unha auténtica revisión.*
- ✓ *A Administración non poderá, co pretexto da súa postestade rectificadora de oficio, encubrir unha auténtica revisión.*

*turno a favor

quenda a favor
rolda a favor

O castelanismo *turno* debe substituírse polas voces tradicionais *quenda* ou *rolda*.

- ✗ *Establécese un turno a favor en función da antigüidade.*
- ✓ *Establécese unha quenda a favor en función da antigüidade.*

***turno en contra**

quenda en contra
rolda en contra

O castelanismo *turno* debe substituírse polas voces tradicionais *quenda* ou *rolda*.

- ✗ *Dispoñerá da rectificación necesaria co turno en contra.*
- ✓ *Dispoñerá da rectificación necesaria coa quenda en contra.*

***un total de**

Esta expresión debe suprimirse na linguaxe administrativa galega. Así, *un total de* 15 empregados equivale a 15 empregados.

- ✗ *Elixirase un total de 71 membros.*
- ✓ *Elixiranse 71 membros.*

***visto bo**

visto e praxe

Visto bo é un castelanismo.

- ✗ *O conselleiro garantiu o visto bo da comisión.*
- ✓ *O conselleiro garantiu o visto e praxe da comisión.*

Módulo 9

Contorno

Sociolingüística: O plurilingüismo como normalidade

Gramática

O infinitivo conxugado

Redacción e estilo

A progresión temática

Léxico

Terminoloxía e fontes terminográficas I

9.1 Contorno

Sociolingüística: O plurilingüismo como normalidade

Aínda que poida parecer todo o contrario, case non hai no mundo países monolingües. Por exemplo, en Europa hai quen considera único Estado monolingüe a Islandia, iso sen contar coa lingua de signos. O resto dos estados presentan dúas ou máis linguas dentro das súas fronteiras. En Francia, por exemplo, fálanse máis de nove linguas ademais do francés.

Con diferenza, o máis habitual é que nun único país se falen multitude de linguas. Algúns estados que custa recoñecer como plurilingües son Alemaña, Grecia, China ou Canadá.

É evidente que, se no mundo hai máis de 6 000 linguas e só hai preto de 200 estados recoñecidos, o fenómeno do país monolingüe constitúe unha rareza en si mesma.

A modo de exemplo, un extracto do Ethnologue, que presenta os seguintes datos sobre o número de linguas faladas nos seguintes estados:

Estado	Número de linguas
Canadá	86
Australia	161
Brasil	181
Nova Guinea Papúa	830
Suíza	12
Federación rusa	105
Italia	33

9.2 Gramática

O infinitivo conxugado

①26

Ademais do infinitivo invariable (solicitar, recorrer, previr), en galego dispoñemos do infinitivo conxugado. Isto implica que o infinitivo vai ir acompañado de morfemas de número e persoa

solicitar
solicitar ϕ
*solicitar*es
solicitar ϕ
solicitarmos
*solicitar*des
*solicitar*en

Trátase dun recurso característico da nosa lingua, con bastante presenza na lingua oral e que deberíamos empregar moito máis na escrita, sobre todo cando estamos a redactar textos formais, como é o caso dos documentos administrativos. Recoméndase o seu uso nos seguintes contextos.

- Cando o infinitivo e o verbo principal teñen un suxeito distinto.

Cómpre (3ª persoa) entregardes (vós) a solicitude co resto da documentación.

- Cando o infinitivo e o verbo principal teñen o mesmo suxeito, pero o infinitivo sitúase en primeiro lugar (habitualmente introducido por preposición).

Para validardes (vós) a sinatura electrónica, precisaredes (vós) un contrasinal.

- Cando o infinitivo e o verbo principal teñen o mesmo suxeito, pero están a unha distancia considerable que pode escurecer ese suxeito.

Os vogais asinarán a acta, logo de que o presidente finalice a sesión, para amosaren (os vogais) a súa conformidade.

Habemos de reparar en que non podemos conxugar o infinitivo cando este depende doutro verbo principal que o rexe.

Teremos que publicar a orde no diario oficial. (verbo auxiliado dunha perífrase)

Poderán publicar a orde no diario oficial. (depende dun verbo modal)

9.3 Redacción e estilo

A progresión temática

27 ⓘ

A progresión temática é un mecanismo mediante o cal un tema se vai expandindo a partir dunha idea que vai desencadeando outras. Como mínimo, un documento administrativo conta cun enunciado no que se pode distinguir entre información que xa se coñece (*tema*) e información nova (*rema*). O rema é o que se di do tema.

Esta unidade administrativa_{Tema} deu por concluída a fase de instrución do expediente 23/2009_{Rema}

Nos documentos administrativos repítese a información anterior e vaise engadindo información nova. Entre os diversos enunciados dun documento ten que haber unha continuidade temática

entre as diferentes ideas e ademais téñense que cumprir as seguintes regras.

Regra da repetición. Ao longo do documento repítese palabras ou substitúense por sinónimos, pronomes ou determinantes.

A resolución non esgota a vía administrativa e poderá interpoñer un recurso de alzada ante a Consellería do Mar, no prazo dun mes contado dende...

Se transcorre o dito prazo...

Regra da progresión. Segundo avanzamos na lectura do documento, vai aparecendo información nova.

ANTECEDENTES

1. *A cafetería denominada Ouro Negro, situada no número 66 da rúa co mesmo nome, permanece aberta ata ben entrada a madrugada.*
2. *A partir das doce da noite, coma a calquera outra hora do día, o ruído que se produce no seu interior é altísimo, de xeito que impide o descanso de todo o bloque de vivendas próximas a esta empresa.*
3. *En máis dunha ocasión, varios veciños solicitámoslle ao dono da cafetería que reducise o nivel de contaminación acústica, sen conseguir ningún resultado.*

Progresión

1: nome da cafetería, localización, horario

2: ruído nocturno, molestias á veciñanza

3: conversas entre o dono da cafetería e a veciñanza para solucionaren o problema, pero non conseguiron amañar o problema.

Regra da non contradición. A información nova non pode contradicir a información xa coñecida.

1. *Mediante o parte de asistencia ao Curso de PowerPoint, compróbase que asistín á clase diariamente, cumprindo o regulamento na orde de convocatoria do curso (Orde do 23 de xuño de 2002, DOG núm. 56 do 04.07.2002)*
2. *No dito curso realicei todas as actividades programadas tanto no horario das clases coma fóra del, a través dos traballos prácticos aos que se refiren os artigos 9 e 10 da orde da convocatoria.*
3. *Faltei habitualmente ao devandito curso e non levei a cabo ningunha das actividades programadas nin ningún dos traballos prácticos.*

Non podería existir 3 porque contradí 1 e 2.

Deste xeito, a información vólvese cada vez máis densa e máis dependente da información anterior. A progresión temática actúa do mesmo modo en todos os documentos administrativos: a información nova do parágrafo anterior pasa a ser a información xa coñecida do novo parágrafo.

Podemos establecer tres tipos de progresión temática:

- *Progresión de tema constante.* O tema repítese ao longo das diferentes ideas dun documento.

A dilixencia que se pode consultar en Recursos / Consulta xeral na páxina 83 do Manual básico de documentación administrativa e xurídica.

- *Progresión de tema lineal.* Achégase información nova dun xeito progresivo. Preséntase unha idea nova de forma concatenada de maneira que a información que xa aparecía na idea anterior convértese en tema da seguinte idea.

Informe forense de valoración medicolegal que se pode consultar nas páxinas 157 e 149 Recursos / Consulta xeral do Manual básico de documentación administrativa e xurídica.

- *Progresión de temas variados.* A información coñecida subdivídese en diferentes subtemas que dependen do tema principal.

Informe sobre cofinanciamento que se pode consultar en Recursos / Consulta xeral na páxina 59 do Manual básico de documentación administrativa e xurídica.

9.4 Léxico

Terminoloxía e fontes terminográficas (I)

Referencias terminográficas xerais. Bases de datos

O Vocabulario ortográfico da lingua galega. O VOLG é a sigla de *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (NOMIG) son as precrións ortográficas e morfolóxicas da Real Academia Galega (RAG) e do Instituto da Lingua Galega (ILG), asumidas por lei. E o VOLG é a súa aplicación.

O VOLG publicouse oficialmente en papel en 2004 e, deste xeito, sentáronse os alicerces para crear calquera obra lexicográfica xeral en galego. Na súa versión web pódense consultar ademais os criterios de elección.

Bilega: Bibliografía Automatizada da Lingua Galega. Bilega é unha base de datos que contén información bibliográfica sobre os traballos de investigación, divulgación ou opinión dedicados ao idioma galego. Os rexistros da base de datos ofrecen a historia editorial completa dos documentos e tamén información verbo

do seu contido e verbo das recensións e notas de publicación a que deron lugar.

Nesta base de datos podemos levar a cabo pescudas de moi diversos graos de xeneralidade en función das novas necesidades de información.

Centros de documentación e consultas

Termigal. Foi creado en 1997 e é o organismo encargado da coordinación xeral das actividades terminolóxicas relativas á lingua galega e de elaborar recursos terminolóxicos.

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia. O seu obxectivo é participar na normalización do galego e exercer de foro de intercambio e difusión dos materiais xerados no proceso normalizador.

Servizo de consulta de Termigal ou Arrecada. É un servizo posto en marcha polo Termigal para discutir propostas denominativas. Para preguntar unha dúbida hai que cubrir unha ficha

Servizo de consultas da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Resolve consultas sobre a lingua galega: fonética, ortografía, morfoloxía, sintaxe, terminoloxía, lexislación lingüística, toponimia e antroponimia, datos sociolingüísticos, bibliografía etc.

Roldas terminolóxicas

Tradgal é unha rolda dedicada á tradución de textos en galego ou ao galego onde se poden expoñer problemas de tradución específicos entre o galego e outras linguas, a tradución en Galicia, novidades editoriais interesantes relacionadas coa tradución...

Lexitem-USC, rolda en que se discute verbo de léxico científico e técnico da nosa lingua.

Corpus

• Corpus de textos especializados

Corpus de Referencia do Galego Actual (Corga). É unha colección de documentos que se almacenan en formato electrónico na que están representados os diferentes tipos de textos da lingua galega actual (xornalísticos, literarios etc.). Cronoloxicamente comprende textos publicados dende 1975 ata a actualidade.

Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo (Cluvi). Inclúe diversos corpus (xurídico, legal, turístico...).

• Corpus non especializados

Tesouro informatizado da lingua galega (Tilga). Inclúe textos do galego moderno (dende 1612 ata a actualidade) e inclúe textos de todos os xéneros e rexistros.

Tesouro medieval informatizado da lingua galega (TMILG). Constitúeno 82 obras, representativas das tres grandes categorías recoñecibles na produción textual da Galicia medieval: a prosa notarial, a prosa non notarial e a poesía (verso).

Módulo 10

Contorno

Sociolingüística: O plurilingüismo como factor de convivencia

Gramática

O futuro de subxuntivo

Redacción e estilo

A propiedade léxica: precisión e concisión

Léxico

Terminoloxía e fontes terminográficas II

10.1 Contorno

Sociolingüística: O plurilingüismo como factor de convivencia i30

Hai estados onde o recoñecemento do plurilingüismo serviu como factor de cohesión, sobre todo en países dos denominados «máis avanzados». Neles, a convivencia de linguas non foi en absoluto un freo para o desenvolvemento social ou económico. Algúns exemplos destacados son Suíza, Bélxica ou Finlandia.

Irlanda presenta un plurilingüismo estatal igualitario (irlandés – inglés) e Finlandia tamén, en canto ao sueco e ao finés, non así con respecto á lingua saami. O caso de Finlandia é especialmente particular, xa que o sueco, lingua materna do 5 % da poboación, ten a consideración de lingua oficial en todo o territorio. De feito, os fineses consideran que a lingua sueca forma parte esencial da identidade de Finlandia. A utilización das linguas na Administración depende do réxime lingüístico do distrito administrativo.

En Bélxica existen varias linguas nacionais, cada unha nun territorio do Estado. Aplícase o que se chama, principio de territorialidade. Só na capital, en Bruxelas, se recoñece o bilingüismo entre francés e neerlandés. Suíza ten catro linguas oficiais (alemán, francés, italiano e romanche), que se distribúen por cantóns, uns bilingües e outros trilingües. En Suíza, cadaquén ten dereito a empregar na Administración a súa lingua materna.

Outro xeito de defender o plurilingüismo é o protagonizado por algúns países que viron ameazadas as súas linguas propias pola introdución de forma vertixinosa do inglés no ámbito laboral, universitario etc. Exemplo disto son Suecia ou Dinamarca, que tomaron certas medidas proteccionistas para que as súas linguas non perdesen funcións sociais.

Como podemos observar, a maioría dos estados presenta algún tipo de regulación lingüística. As disposicións de rango supra-

nacional, como as directrices europeas, protexen e favorecen o recoñecemento das minorías lingüísticas dentro de cada Estado.

10.2 Gramática

O futuro de subxuntivo

Trátase dunha forma verbal que se está recuperando para o seu uso na linguaxe administrativa porque nalgúns contextos axuda a concretar os períodos de tempo con gran precisión.

A conxugación do futuro de subxuntivo presenta as mesmas terminacións de número e de persoa ca o infinitivo conxugado, polo que ambos os dous tempos coinciden nos verbos regulares. Nos verbos irregulares, que se caracterizan por ter unha raíz distinta nos tempos de perfecto, toman esta para o futuro de subxuntivo.

ser (irregular)

presentar (regular)

for ϕ

presentar ϕ

fores

presentares

for ϕ

presentar ϕ

formos

presentarmos

fordes

presentardes

foren

presentaren

Como o futuro de subxuntivo sempre predica accións irrealis, é difícil que o confundamos cunha das formas coincidentes do infinitivo conxugado dos verbos regulares

Ao presentaren as solicitudes, iniciamos os trámites. (infinitivo conxugado)

Se presentaren as solicitudes, iniciamos os trámites. (futuro de subxuntivo)

O futuro de subxuntivo expresa unha acción futura non real pero que parece probable que se realice. Aparecerá nunha oración dependente doutra que leve o verbo en presente, en imperativo ou en futuro.

O futuro de subxuntivo inserirase nas seguintes oracións:

- Unha condicional con *se*:

Se acadaren os 20 puntos, poderán presentarse ao segundo exercicio.

- Unha temporal con *cando*:

Cando as necesidades o aconsellaren, a xunta directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

- Unha modal con *segundo, conforme* ou *consonte*:

Fagan públicos os novos estatutos, conforme os redactaren.

- Unha relativa:

Será responsabilidade de quen o fixer.

Non debemos confundir a forma do futuro de subxuntivo (*presentaren*) coa do imperfecto de subxuntivo (*presentasen*). Ocorre cando queremos indicar futuridade a partir do momento da orixe, por exemplo, a partir do momento en que presenten a documentación. Son casos que posibilitan a ambigüidade xa que o imperfecto de subxuntivo non concreta o período de tempo que queremos indicar.

✗ *Recibirán a subvención as asociacións que presentasen a documentación requirida.*

✓ *Recibirán a subvención as asociacións que presentaren a documentación requirida.*

No primeiro dos casos o imperfecto de subxuntivo non concreta que só se lles outorgarán as subvencións a aquelas asociacións que presenten a documentación a partir do momento en que se publique a orde (dentro do prazo establecido) e non a aquelas que tamén as presentasen antes da publicación de tal orde.

10.3 Redacción e estilo

A propiedade léxica: precisión e concisión ①28 e 29

A finalidade da linguaxe administrativa, de igual xeito que todas as linguaxes de especialidade, é transmitir unha información específica: determinada e concreta. Daquela, a linguaxe administrativa debe rexerse polos criterios de funcionalidade e economía lingüística. Os documentos administrativos deben ser precisos e concisos.

Os textos han de presentar toda aquela información que se precise, conque hai que simplificar a forma en que se achega esta información sen acurtar o seu contido sen necesidade.

Non existe unha listaxe pechada na que se recollan todas as expresións superfluas, pero é imprescindible reflexionar acerca de se o que escribimos é necesario ou sobra. É dicir, debe aparecer toda a información relevante e simplificar o xeito en que se presenta sen obviar contidos que sexan pertinentes.

No entanto, os textos administrativos están ateigados de formas innecesarias e pouco concretas. Cómpre evitar os clichés que non achegan información nova.

Ao eliminarmos todo o que é superfluo, a redacción do documento administrativo queda moito máis clara.

✗ *O que lle comunico para os efectos oportunos.*

✓ *Comunícolle este acordo para o efecto de que poida presentar alegacións.*

✗ *O subdirector xeral acordou autorizar a actividade que solicitou Mariña Lameiro Neves.*

✓ *O subdirector xeral autorizou a actividade que solicitou Mariña Lameiro Neves.*

✗ *O presente documento emítese para os efectos do seu coñecemento e cumprimento do acordado.*

✓ *Este documento emítese para que se cumpra o acordado.*

Co fin de que os documentos sexan precisos e claros, cómpre

- Escribir sen ambigüidades e organizar ben os parágrafos. O texto debe estar escrito en parágrafos curtos e separados de maneira que cada un corresponda cunha idea diferente. Un parágrafo non debe superar as catro ou cinco oracións. Neste sentido, convén empregar adecuadamente os signos de puntuación.

- Evitar as fórmulas de saúdo e despedida excesivamente familiares ou valoracións persoais que se afastan da realidade formal e do carácter público da comunicación administrativa.

✗ *Estimado señor,*

✓ *Señor,*

✗ *Aproveito esta ocasión, para saudalo atenta e afectuosamente,*

✓ *Atentamente,*

✗ *Sinto comunicarlle que a súa solicitude foi denegada.*

✓ *Comunícolle que a súa solicitude foi denegada.*

- Desbotar construcións ambiguas e pouco precisas.

✗ *No documento indicábase que había que achegar toda a información...*

✓ *Na solicitude que presentou o 27.06.2012 indicábase...*

- Suprimir as palabras xenéricas que se utilizan para encher un baleiro léxico: as redundancias (*subir arriba, acceso de entrada, actualmente en vigor, coordinados entre si, falso pretexto, volver reiterar...*) e os retrousos (*co obxecto de, como se pode supoñer, realmente...*).

✗ *O técnico que subscribe ten o honor de emitir o seguinte informe...*

✓ *Emito o seguinte informe...*

✗ *Presente unha solicitude co obxecto de que se lle compute...*

✓ *Presente unha solicitude para que se lle compute...*

✗ *Declarou que lle preocupaba o conflito xerado no sector naval. Este tema...*

✓ *Declarou que lle preocupaba o conflito xerado no sector naval. Este problema...*

10.4 **L**éxico

Terminoloxía e fontes terminográficas (II)

Recursos terminográficos

- **Referencias xerais de interese**

Termoteca: Banco de datos terminolóxicos (UVIGO)

bUSCatermos: banco de terminoloxía multilingüe (USC)

Referencias terminolóxicas (Xunta de Galicia)

Un idioma preciso (USC)

Área de Terminoloxía (USC)

Sociedade Galega de Terminoloxía (Sgat)

Termigal (CIRP) (termigal@cirp.es)

- **Repertorios terminográficos**

Poderíamos consultar glosarios, vocabularios e dicionarios de diferentes áreas en moitos sitios web. Por exemplo, na páxina do Servizo de Normalización da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/biblio-term.html>) clasifícanse os dicionarios e vocabularios pola área de especialidade. Dentro de cada especialidade podemos consultar os traballos terminográficos galegos desta área

Alimentación, hostalería	Filoloxía
Antropoloxía, política e socioloxía	Filosofía e relixión
Belas artes	Física. Astronomía
Bioloxía	Gandaría
Botánica	Historia

Ciencias da documentación

Ciencias da saúde

Ciencias da terra

Comunicación

Construcións

Demografía e xeografía

Deporte

Dereito e Administración

Economía, empresa e comercio

Educación

Electrónica e electrotecnia

Industrias

Informática

Lecer

Matemáticas

Pesca e acuicultura

Psicoloxía

Química

Telecomunicacións

Transportes

Vida doméstica

Zooloxía

- **Institucións relacionadas coa terminoloxía en Galicia**

Área de Normalización Lingüística. Universidade de Vigo

Observatorio de Neoloxía. Universidade de Vigo

Seminario de Lingüística Informática. Universidade de Vigo

Servizo de Asesoramento Lingüístico. Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

Servizo de Normalización Lingüística. Universidade de Santiago de Compostela

Servizo de Normalización Lingüística. Universidade da Coruña

Máis información ⓘ

[1] Castellón Alcalá, Heraclia (2009): «Hacia la claridad en los textos administrativos», en *Revista de Llingua i Dret*, núm. 52, páxs. 85-115. Barcelona.

«[...] As notas que definen esta encerellada linguaxe serían as do seu carácter baleiro, redundante e caótico. Esta vacuidade discursiva xa aparecía nalgún personaxe shakespeareano; en concreto o xenial dramaturgo inglés nunha das súas traxedias principais, Hamlet, fai falar o personaxe de Polonio, o lord camareiro e pai de Ofelia, de maneira enfadosa e cansa.

“– Polonio: Discutir a fondo o que debера ser a maxestade, o que é a submisión, por que o día é día, noite á noite e tempo o tempo, non sería máis que perder a noite, o día e o tempo. Así pois, como queira que a brevidade é a alma do talento, e a prolixidade os seus membros e atavíos exteriores, vou ser breve. O voso nobre fillo está tolo, e chámoo tolo porque, para definir a verdadeira loucura, que outra cousa é ela senón estar un sinxelamente tolo? Pero deixemos iso.

– Raíña: máis substancia e menos retórica.

– Polonio: xúrovos, señora, que non uso ningunha retórica. Que está tolo, é certo, é certo que é unha mágoa, e é unha mágoa que sexa certo. Velaí unha ordinaria figura, pero adeus con ela, porque non quero gastar retórica. Admitamos, xa que logo, que está tolo, e agora queda por pescudar a causa deste efecto, ou mellor dito, a causa deste defecto, xa que este defecto provén dunha causa. De maneira que resta considerar o restante. Fixádevos ben. Eu teño unha filla – e téñoa mentres sexa miña – a cal, cumprindo cos seus deberes de obediencia – poñede atención – entregoume isto.”

Hamlet, acto II, escena 2ª»

[2] Suñén, Michel (2008): *Cómo enamorar hablando en público*, Mira Editores, páxs. 63 e 64. Zaragoza.

«Convencer con argumentos

O orador debe ser o maior experto na materia. Estudouna amplamente. Fíxose súa. Posúe ideas moi claras sobre ela e, ademais, son propias.

Se é o teu caso, apóiate na sinxeleza. Só así estarás seguro de que te comprenden. Evita os tecnicismos innecesarios e as explicacións complicadas, mesmo ante un público entendido.

Emprega en todo caso argumentos sólidos, verdadeiros e cribles.»

[3] Castellón Alcalá, Heraclia (1998): «Análisis normativo del lenguaje administrativo», en *Revista de Llingua i Dret*, núm. 30, páxs. 7 – 46. Barcelona.

«[...] Os males que se lles achacan aos textos administrativos dende a perspectiva léxico-semántica débense ao carácter pretencioso que se adopta na elección dos vocábulos; a mensaxe envólvese en roupaxes pseudotécnicas, que a fan opaca, críptica ás veces. Destérranse as voces máis simples e transparentes, suplantadas por outras dun subcódigo propiamente "burocrático ou oficialesco". [...] Óptase non polos termos e expresións máis esclarecedoras, senón polos que son, sen dúbida, máis complexos, pero non máis precisos ou específicos.

[4] Monteagudo Romero, H. (1999): *Historia social da lingua galega*, cap. IX, Galaxia. Vigo.

«[...] Respecto da lingua [na etapa de 1916 a 1923], pódense salientar os seguintes resultados: a fundación dunha publicación periódica monolingüe que, contra vento e marea e a pesar de diversas incidencias, saíu á rúa durante todo o período (A Nosa Terra), a politización da cuestión lingüística (ata o punto de que o uso en actos políticos do galego será tido como sinal que distinguía os verdadeiros galeguistas dos sedicentes rexionalistas) e en xeral a imposición do emprego formal da lingua galega nos espazos da "publicidade" ata daquela reservados ó castelán (conferencias, actos formais, xuntanzas asociativas etc.), o fomento do cultivo literario do galego, con especial énfase na prosa e nas actividades teatrais, e maila promoción de cursos e publicacións de lingua e literatura galega. En definitiva, a defensa da dignidade e a promoción do uso do idioma do país, cívicas, organizadas e constantes; mesmo sen mediar un programa de "planificación»lingüística".

[5] Mouriño, Xabier (2000): *Lingua galega e literatura*. O texto, Galaxia. Vigo.

«Moitas das cousas que nos rodean forman parte de estruturas: os piares dun edificio, as pezas dun reloxo, as rodas dun coche, son elementos que están colocados dun xeito especial, precisamente para cumprir a súa función principal dentro do conxunto ou estrutura á que pertencen. [...]

Os textos posúen tamén a súa propia estrutura. Por unha banda, está a diferenciación e xerarquía das ideas (ideas principais e ideas secundarias), denominada macroestrutura, e, por outra, a relación que se establece entre elas: a superestrutura.»

[6] García Cancela, Xermán (2003): *Curso de técnicas de redacción de informes, propostas e resolucións*, EGAP.

«Os documentos deben ter unha estrutura fácil de recoñecer, cunha boa ordenación dos contidos e sen repeticións nin lagoas. Neste sentido, é especialmente importante, naqueles documentos de uso frecuente, que haxa un esquema similar para todos (oficios, informes, resolucións, actas...).

[7] Prieto de Pedro, Jesús (1998): «Lenguaje jurídico y Estado de Derecho», en *Revista de Administración Pública*, núm. 140, páxs. 11-129. Madrid.

«[...] Non hai regras áureas para o cálculo da proporción entre o común e o específico na linguaxe xurídica, no entanto, segundo din os estudos, parece que os vocábulos xurídicos alcanzan unhas marxes cuantitativas moi baixas, entre o 2 e o 5 por cento. Pero hai unha idea clara. Os xuristas deben esforzarse para que os tecnicismos na linguaxe xurídica queden, a modo dunha *odiosa sunt restringenda*, constringidos ao estritamente imprescindible. Esta coerción sobre o léxico técnico que debe presidir o ánimo do xurista é unha forma de achegar esta linguaxe aos cidadáns e de facela máis pura; e, por desgraza, o usual é o contrario, que as leis, as sentenzas xudiciais e os escritos dos funcionarios sexan técnicos en exceso, que empreguen moitos máis tecnicismos dos precisos para formular o dereito.

Calou con gran forza, incluso no ánimo de moitos xuristas ben intencionados, a falsa idea de que, canto máis se cargue no léxico xurídico, mellor dereito se fai. Esta idea tamén se apodera daqueles cidadáns que, crendo que así serán mellor aceptados polas autoridades ás que se dirixen, redactan os seus escritos cunha plétora de tecnicismos encadeados que reflicten esta esaxeración como un espello dos horrores. En todo caso esta falsa idea ten moito que ver cunha tendencia moi propia do noso tempo á corporativización das linguaxes especiais, á apropiación corporativa das linguaxes técnicas como modo de marcar distancia social e afirmar o poder dos propietarios dos arcanos; precisamente, o desexo dos desposuídos de ser aceptados polos señores deses símbolos, aos que ofrendan a xerga que pensan que os comprace, é o que causa esa proxección deformada e esperpéntica nos escritos dos cidadáns.»

[8] Castellón Alcalá, Heraclia (1998): «Análisis normativo del lenguaje administrativo», en *Revista de Lengua i Dret*, núm. 30, páxs. 7-46. Barcelona.

[...] O texto administrativo, como comunicación que procede dun dos poderes públicos, necesita presentar unha mensaxe que admita translación atinada á realidade a que se refire. Ha de conter os datos suficientes para que se corresponda atinadamente coa actuación que se busca, de maneira que transmita o sentido concreto pretendido, e que inclúa todos os aspectos de contido necesarios. O emisor ten que absterse de intervir neles marcándoos

subxectivamente. En canto á organización discursiva coherente, é preciso que os modelos estruturais dos textos se configuren cun esquema sistematizado; hai esquemas compositivos de certos textos que se manteñen invariables no tempo, pois a súa conformación estrutural non é arbitraria. Para lograr unha comprensión máis doada dos documentos de maior difusión, os organismos que se ocupan do deseño de documentos estudaron os principios construtivos que convén seguir, en especial para os textos máis extensos.»

[9.] Vallés i Elizalde, Águeda (2007): «Resolucións judiciais i qualitat lingüística», en *Revista de Lengua i Dret*, núm. 48, páxs. 37-58. Barcelona.

«O artigo 248.3 da Lei orgánica do poder xudicial fixa explicitamente a nova estrutura da sentenza: "As sentenzas débense formular expresando, despois dun encabezamento, en parágrafos separados e numerados, os antecedentes de feito; os feitos probados; os fundamentos de dereito e, por último, a decisión".»

[10.] López Taboada, Carme et alii (1996): *Curso superior de linguaxe xurídica*. Galígraf Galicia. A Coruña.

«En calquera dos casos a utilización destas voces [préstamos lingüísticos], sempre deber ser consciente e moderada, nunca debe utilizarse como un recurso de empobrecemento e deturpación da linguaxe».

[11] Obxectivos xerais do Plan xeral de normalización da lingua galega

- Garantirle a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

[12] Rodríguez Río, X. (1997): *Mellorando os servizos. Como ti queres (B)*. Criterios lingüísticos. Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, páx. 13.

«Na documentación [...] podíanse atopar tamén propostas moi diverxentes sobre algúns aspectos dubidosos, tanto na vertente gráfica como na lingüística

Na primeira delas, a falta de uniformidade e unha presentación moi pouco clara ocasionaban problemas á hora de recoñecer os documentos e de identificar con rapidez os contidos relevantes.

[13] Castellón Alcalá, Heraclia (2009): «Hacia la claridad en los textos administrativos», en *Revista de Llingua i Dret*, núm. 52, páxs. 85-115. Barcelona.

«[...] En primeiro lugar desapareceu das sentenzas (a partir da Lei orgánica do poder xudicial de 1985, artigo 248.3), de onde se estendera aos documentos administrativos, pero máis tarde tamén as directrices oficiais de redacción, o *Manual de estilo da linguaxe administrativa*, marcaban a súa substitución polo sintagma "Valoración xurídica". A fórmula con que hoxe se adoita denominar os antigos "Considerando" das resolucións de destinatario individual é a de "Fundamentos de dereito". A supresión deste xerundio – como o do seu asociado previo "Resultando"– respondía ao propósito de eliminar as forzas das construcións sintácticas a que ambos dos dous xerundios daban lugar.»

[14] López Samaniego, Anna (2006): «Los marcadores del discurso enumerativos en la sentencia judicial: ¿estrategia u obstáculo?», en *Revista de Llingua i Dret*, núm. 45, 61 – 87. Barcelona.

Ordenadores do discurso:

«[...] Os ordenadores do discurso inclúense no conxunto dos marcadores discursivos, partículas lingüísticas invariables (xeralmente adverbios, preposicións e conxuncións) que funcionan no nivel supraoracional ou discursivo. A función destes marcadores é orientar as inferencias que realiza o receptor para interpretar un discurso; de aí que as súas funcións se describan en termos de instrucións de procesamento.

Dentro deste grupo, os ordenadores do discurso realizan a función discursiva de mostrar como se organiza a información nun texto. Este marcadores poñen de relevo o xeito en que se articula a información nova coa coñecida ou compartida; e as relacións xerárquicas entre as ideas expresadas no texto.»

[15] Calvo Ramos, Luciana (1980): *Introducción al estudio del lenguaje administrativo*. Editorial Gredos. Madrid.

- «[...] O eufemismo é un proceso léxico moi frecuente que conduce a evitar a palabra con que se designa algo molesto, inoportuno ou vergonzoso, substituíndoas por outra expresión máis agradable.
- [...] Os tabús da linguaxe están comprendidos, segundo Ullmann (1972:231), en tres grupos máis ou menos distintos, segundo a motivación psicolóxica que hai tras eles: uns son debidos ao medo; outros ; a un sentido de delicadeza; outros, finalmente, a un sentido de decencia e de decoro

- O eufemismo administrativo obedece a diversas causas:
- A antipatía con que son miradas polos administrativos as alzas dos prezos, as oscilacións cuantiosas nos impostos, as elevacións de tarifas, etc., o que obriga a linguaxe administrativa a evitar eses termos e a encubrilos mediante xiros eufemísticos. Diríase que a Administración sente "medo" ou "pavor" ao efecto que o nome real destes procesos poida producir nos administrados.
- Outros eufemismos administrativos obedecen ao desprestixio social en que caeu a mención, ás veces, de termos nobres, como podería ser o caso da "pobreza", da "ancianidade".
- Algúns eufemismos da linguaxe administrativa obedecen á necesidade de atenuar evocacións consideradas socialmente como penosas, por exemplo, a enfermidade, a invalidez.
- Nalgún caso, o eufemismo administrativo responde ao denominado tradicionalmente "tabú de decencia".
- Dado que a linguaxe xurídica adoita evitar os termos do campo semántico "amos", nalgúns casos a linguaxe administrativa inclínase pola expresión xurídica antes ca pola correspondente da linguaxe común.
- Ás veces o eufemismo administrativo responde á necesidade de empregar un termo que englobe obxectos ou seres heteroxéneos, sobre os que cómpre lexislar ou dispoñer.»

[16] Castellón Alcalá, Heraclia (2009): «Hacia la claridad en los textos administrativos», en *Revista de Llingua i Dret*, núm. 52, páxs. 85-115. Barcelona.

«[...] Esta hiperabundancia de palabras queda bastante lonxe das recomendacións que a este respecto proporcionan, para o inglés, os impulsores comunitarios do movemento Fight the fog; resulta chocante contrastar exemplos coma o anterior co criterio de redacción que para os documentos en inglés se postula:

Shorter documents tend to have more impact, and so do shorter sentences. As a guide: 1 documente = 20 pages at the most; 1 sentence = 20 words. But varying sentence length makes for more interesting reading,

Os responsables desta breve guía de redacción para escribir con sinxeleza apóianse nunha cita do francés Pascal, quen se escusaba de que non puidera reducir a extensión dun escrito, unha carta, por non dispoñer do tempo necesario: *Je n'ai fait celle-ci plus longue que parce que je n'ai pas eu le loisir de la faire plus courte.*»

[17] MAP (2003): *Manual de documentos administrativos*, Tecnos, páxina 182. Madrid.

«A redacción dos documentos administrativos debe caracterizarse pola naturalidade na expresión, sen pretensións retóricas, literarias ou artificialmente elegantes.

Débese evitar a utilización de fórmulas redundantes, arcaísmos e latinismos.

Débese evitar a utilización de novas palabras que non estean acreditadas polo uso.

Débese evitar a construción "verbo + substantivo" e utilizar no seu lugar un verbo simple.

Exemplo:

O subsecretario tomou en consideración a súa solicitude = O subsecretario considerou a súa solicitude.»

[18] Vídeo do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela: Lingua minoritaria.

<<http://www.youtube.com/watch?v=scARyXKiZHk>>

[19] Bibliografía de referencia:

Núñez Singala, M (2009): *En galego, por que non?*, cap. 7, Galaxia. Vigo.

Moure, T. (2011): *Ecolingüística: Entre a ciencia e a ética*, Universidade da Coruña. A Coruña.

[20] Cassany, Daniel (1995): *La cocina de la escritura*. Editorial Anagrama, páx. 120. Barcelona.

«OITO CONSELLOS PARA ESCRIBIR FRASES EFICIENTES

1. Ten coidado coas frases longas! Vixía as que teñen máis de 30 palabras. Comproba que se lean facilmente.
2. Elimina as palabras e os incisos irrelevantes. Queda só co esencial.
3. Sitúa os incisos na posición máis oportuna: que non separen as palabras que están relacionadas.
4. Busca a orde máis sinxela das palabras: suxeito, verbo e complementos. Evita as combinacións rebuscadas.
5. Coloca a información relevante no sitio máis importante da frase, ao principio.

6. Non abuses das construcións pasivas, das negacións nin do estilo nominal, que escurecen a prosa.

7. Deixa actuar os actores: que os protagonistas da frase suban ao escenario, que actúen de suxeito e obxecto gramaticais.

8. Non teñas preguiza de revisar as frases! Tes que elaborar a prosa, se queres que sexa enérxica e que se entenda.»

[21] Fernández Vitores, D. (2010): «O réxime lingüístico da Unión Europea: Luces e sombras no proceso de ampliación», en *Revista de Llengua i Dret*, núm. 54, páxs. 167 – 201.

«Aínda que as estruturas básicas de respecto ás linguas da Unión Europea xa estaban presentes nas fontes do dereito primario, a regulamentación do uso dos idiomas no ámbito institucional comunitario propiamente dito configúrouse mediante normas de dereito derivado. Así, o primeiro regulamento adoptado polo Consello, o 15 de abril de 1958, foi precisamente o relativo á fixación do réxime lingüístico da Comunidade Económica Europea. O feito de que este regulamento fora o primeiro elaborado pola comunidade pon sen dúbida de relevo a importancia concedida ás linguas no ámbito comunitario.»

Máis información na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística:

<http://www.xunta.es/linguagalega/multilinguismo>

http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/uso_galego_UE.pdf

[22] Servizo de linguas e documentos da UNESCO: *Recomendacións para un uso non sexista da linguaxe*

«Os prexuízos sexistas que a linguaxe transmite sobre as mulleres son reflexo do papel social atribuído a estas durante xeracións. Malia que o papel das mulleres na sociedade experimentou dende principios do noso século, particularmente nas últimas décadas, profundas transformacións, as mensaxes que a linguaxe segue transmitindo sobre elas reforzan o seu papel tradicional e dan unha imaxe delas relacionadas co sexo e non coas súas capacidades e aptitudes, intrínsecas a todos os seres humanos.

Haberá quizais quen pense que intentar liberar a linguaxe de certos usos lingüísticos sexistas equivale a poñer o carro diante dos bois xa que na linguaxe, que reflicte os prexuízos sexistas acumulados durante xeracións, non cambiará ata que a igualdade das mulleres cos homes non se sancione realmente na práctica e, consecuentemente, os prexuízos sexistas que a linguaxe transmite vaian desaparecendo paulatinamente co tempo. No entanto, pese á súa dimensión conservadora e a súa carga tradicional, a linguaxe, pola súa estreita relación dialéctica do pensamento, pode cambiar grazas á acción educativa e

cultural, e influír positivamente no comportamento humano e na nosa percepción da realidade.»

[23] Vídeo: <http://eufalo.tv/video/xulia/>

[24] Dónall Ó Riagáin (2009): «A diversidade lingüística en Europa», en Montegudo, H. (coord.). *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*. Consello da Cultura Galega, páxs. 193 – 215.

«Acaso a diversidade lingüística é importante? A lingua non é un instrumento de comunicación? A lingua é un instrumento de comunicación. Pero é moito máis que iso. Nela están contidas as ideas e lembranzas colectivas dunha comunidade. É a ferramenta posta a punto que ten un pobo para expresar os seus pensamentos máis perspicaces, os seus sentimentos máis tenros e as súas ideas máis brillantes. É o recipiente en que están rexistrados, gardados e dispoñibles a súa literatura oral ou escrita, a súa historia, a memoria popular, os seus temores, os seus soños e esperanzas, non só para os vivos, senón tamén para as xeracións vindeiras. As linguas danlles aos homes e mais ás mulleres a sensación de pertenza a un pobo, de continuidade e de teren identidade común. Cada lingua é unha fiestra única ao mundo. As nosas linguas teñen unha enorme importancia simbólica para nós. Son, sen dúbida, a máxima manifestación da nosa condición humana.»

[25] Juanyent, C (1999): *La diversidad lingüística. Didáctica y recorrido de las lenguas del mundo*. Proyecto GELA. Ed. Octaedro.

«O feito de que, en último termo, sexan os falantes os que abandonan a lingua, dá lugar ao argumento do suicidio lingüístico que é o que usan algúns autores para caracterizar a mortes das linguas e para xustificar a non intervención no proceso. O feito é, porén, que se contemplamos o destino das comunidades que abandonaron unha lingua, entenderemos que o proceso depende moi pouco da vontade dos falantes e moito máis, en cambio, das presións ás que son sometidos.»

[26] García Cancela, Xermán e Díaz Abreira, Carlos (1994): *Manual de linguaxe administrativa*, Escola Galega de Administración Pública. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

O infinitivo conxugad

«Esta forma verbal debe aparecer loxicamente nos nosos textos administrativos e débese potenciar o seu uso correcto, que vén motivado por unha serie de factores sintácticos como o tipo de suxeito respecto do verbo principal ou a orde das palabras na oración, segundo sexa a posición do infinitivo respecto do seu verbo ou segundo sexa a distancia que media entre o verbo principal e o infinitivo. Tamén o seu uso está influído por factores estilísticos e expresivos ou enfáticos.»

[27] Vilches Vivancos, Fernando (2009): «Texto y contexto en el lenguaje administrativo. ¿Por qué no nos entienden los ciudadanos?», en *Ciclos de Conferencias Administración y Sociedad*. EAR, Toledo.

«[...] A coherencia. Un texto é coherente se todas as súas oracións se relacionan entre si (como os fíos dun tecido), sen contradicións, e axudan a constituír unha mensaxe de significado superior ao de todas e cada unha delas

A cohesión. Un texto é cohesivo se todos os seus elementos axudan a formar unha mensaxe unitaria e completa.

Leamos atentamente o texto seguinte:

Maite comprou un xeadó de chocolate. O chocolate ten cacao e azucre. España produce gran cantidade de azucre. O azucre extráese da remolacha e doutras plantas.

É incoherente porque as súas oracións non se combinan para constituír un significado unitario e completo no que se fundan os significados que as catro posúen por separado.

Carece de cohesión porque non hai enlace interoracional.»

[28] González Navarro, Francisco (1992): *A linguaxe do poder*, Xunta de Galicia, EGAP.

«O estilo administrativo, se se quere, o bo estilo administrativo, debe notarse ante todo pola concisión e a claridade empregadas na redacción. Dcir o que haxa que dicir coas menos palabras posibles e coa máxima claridade, evitándoo rodeos e complicacións innecesarias.»

[29] Calvo Ramos, Luciana (1980): *Introducción al estudio del lenguaje administrativo*, Editorial Gredos, páx. 253. Madrid.

«[...] a actuación administrativa debe expresarse con claridade e concisión. As intervencións administrativas deben ser claras dabondo para ser comprendidas por aqueles aos que concirnen, que pertencen, por regra xeral, a medios sociais e culturais moi variados, e especialmente polo funcionariado que debe interpretar e cumprir as decisións administrativas.»

[30] Bibliografía de referencia

Seminario sobre o uso das linguas nas administracións públicas, outubro de 1997, EGAP. Santiago de Compostela.

Boletín de Administración e Lingua Galega, núms. 7-8, xaneiro-decembro de 1997, EGAP. Santiago de Compostela.

Costas, X.H. (2002): *Guía das linguas de Europa*, Edicións Positivas. Santiago de Compostela.

Exercicios

Módulo I

1.2 Lingua oral

1. Elixo as frases que non deberías usar nun discurso oral producido dende a Administración.

1. Acaba de ir tomar café.
2. Está nunha reunión. Se é tan amable de deixarme o seu número de teléfono xa o chamo eu en canto remate.
3. Busco o expediente e chámoo en quince minutos.
4. Non podo facer nada.
5. A ver se atopo o expediente.
6. Por se esquecín algún dato importante, podería confirmarm a información recibida?
7. Non llo prometo.
8. Iso é imposible.
9. Comprométome a comunicarllo.
10. Verificareino inmediatamente
11. Non lle puideron dicir iso.
12. Que desexa?
13. Vostede equivócase.
14. En que o/a podo axudar?
15. Non estou ao tanto.
16. Sería tan amable de dicirme o seu nome?
17. Non sei onde está.

18. Non sei como se pode localizar, probe máis tarde e a ver se ten máis sorte.

19. E eu que culpa lle teño?

20. Ocupareime persoalmente, son Iolanda Catoira Babarro.

2. Le con atención o texto desta conversa telefónica. A continuación marca a resposta que corresponda para cada caso.

F: Diga?

C: Bos días, é aí obstetricia?

F: Si, bos días.

C: Mire, estou no sétimo mes de embarazo e necesito facer un dópler porque mo pediu a miña xinecóloga.

F: Ben, e que desexaba?

C: Unha cita para facer o dópler, xa llo dixen...

F: Ben, pois espere... aquí dáme que non hai cita ata o ano que vén, o 17 de xuño do ano que vén. É que aquí estámolsle moi mal de persoal e claro...

C: É que o problema segundo me dixo a xinecóloga é que o feto non medra. Eu saio de contas dentro de dous meses, o 26.12.2012.

F: Verá a primeira cita que teño é para o 17.06.2013.

C: Pero vostede non me está escoitando? Esta proba mandáronma facer para comprobar que o feto estaba medrando adecuadamente e eu saio de contas o 26.12.2012, enténdeme? Teño que facer a proba antes da data do parto porque despois non tería sentido.

F: Verá, esta é a primeira cita que hai.

C: Pero... como vai ser posible que teña que facer esta proba

para saber como vai o feto e que me dea cita para seis meses despois de parir?

F: Pois isto é o que hai. Entón, quere a cita ou non?

C: Pois non, non a quero.

F: Se quere poña unha reclamación.

C: Poñereina, abofé que si.

F: Bos días e ata outro momento logo...

C: Si, ho, dous días logo.

Quen argumenta a súa postura?

- O persoal da Administración
- A cidadá
- A cidadá e o persoal da Administración

O persoal da Administración...

- ...dá a información necesaria
- ...non coopera coa cidadá
- ...escoita e preocúpase polo problema da cidadá

A cidadá ante a situación...

- ...séntese entendida
- ...só ve a alternativa da reclamación
- ...está satisfeita pola información recibida

O persoal da Administración...

- ...dá información concreta
- ...dá información necesaria

- ...ponse á disposición da cidadá

Quen emprega o imperativo?

- O persoal da Administración
- A cidadá
- A cidadá e o persoal da Administración

3. Le estes enunciados e indica que tipo de organización informativa presentan.

1. Cúmprense as condicións que mantiñan afectada a fianza que se indica no resgardo núm. 327/2011. Como non hai outras responsabilidades derivadas, cancelase e devólveselle a fianza á persoa interesada

Comparación / Secuencia / Causalidade

2. Memoria anual do labor desenvolvido polo Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Secuencia / Comparación / Causalidade

3. O órgano de contratación da Fundación Museo do Mar de Galicia viu o informe de valoración de ofertas e resolveu adxudicarlle o contrato á empresa [...].

Comparación / Causalidade / Problema e solución

4. Non resulta acreditada de forma suficiente a titularidade de Rosa Ons Taboada para ser beneficiaria no expediente X 4652. Para acreditar a titularidade deberá achegar a seguinte documentación...

Problema e solución / Comparación / Secuencia

5. A prestación do contrato de asistencia técnica non cumpre coas condicións e obrigas estipuladas no prego de cláusulas administrativas particulares e non se adecúa ao que se

detallara no prego de prescricións técnicas que rexeu na súa contratación.

Causalidade / Problema e solución / Secuencia

1.3 Léxico

Escribe a forma galega preferible correspondente na columna da dereita.

visionar		concretizar	
gratuitamente		excesivamente	
imprentar		inclusive	
anteriormente		concomitancia	
utilización		inicializar	

Módulo 2

2.2 Gramática

1. indica se é correcto ou incorrecto o réxime dos infinitivos.

1. Como último punto, expoñer que durante a execución se deberán efectuar os controis oportunos para garantir que non se produzan impactos imprevistos.

Correcto / Incorrecto

2. Ademais, cómpre recordar que non se poderá realizar ningunha actividade que non se especifique no documento

Correcto / Incorrecto

3. Por último, sinalar que esta subdirección xeral está sempre ao dispor das persoas interesadas para aclarar dúbidas ou recoller suxestións.

Correcto / Incorrecto

4. É necesario advertir de que este acordo lle pon fin á vía administrativa.

Correcto / Incorrecto

5. Quero insistir en que o novo servizo está operativo dende o pasado luns.

Correcto / Incorrecto

6. Engadir, por último, que non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra de prazo.

Correcto / Incorrecto

2. Elix a posición correcta de cada elemento na estrutura dunha convocatoria.

Ítem	Cabeceira	Corpo	Pech e
despedida			
día de reunión			
cargo			
hora			
orde do día			
identificación do destinatario			
rúbrica			
título			
nome e apelidos			

Elix a posición correcta de cada elemento na estrutura dun informe

Ítem	Cabeceira	Corpo	Pech e
feitos			
título			

informe			
consideracións legais e técnicas			
nome e apelidos			
rúbrica			
cargo			
solicitante			
data			
nome e apelidos			

Elixe a posición correcta de cada elemento na estrutura dunha acta

Ítem	Cabeceira	Corpo	Peché
rúbrica			
identificación dos convocados			
título			
deliberacións			
cargo			
rolda de intervencións			
nome e apelidos			
acordos			
orde do día			

2.4 Léxico

1. Elixe o significado correcto en galego dos seguintes latinismos.

<i>a potiori</i>	máis importante / a ou para o poder / ante o feito
<i>ad usum</i>	neglixencia usual / por exemplo / segundo o costume
<i>ad hoc</i>	para isto / no día de hoxe, actualmente / á forza
<i>ab intestato</i>	de grado ou pola forza / sen testamento / no intestino
<i>ipso iure</i>	aínda que o xures / de dereito e por dereito / polo mesmo dereito
<i>in absentia</i>	do absentismo / en ausencia / en presenza
<i>interposita persona</i>	home de palla / persoa contraria / boa persoa

Módulo 3

3.2 Gramática

1. Elixe o uso correcto da preposición *a* + cd.

1. A conselleira resolveu [citar ás persoas / citar as persoas] interesadas para realizar o acto de sinatura.
2. A finalidade desta comunicación é [informar os nosos colaboradores / informarlles aos nosos colaboradores] da programación do museo.

3. A consellería resolveu [emprazar a todas / emprazar todas] para que puidesen comparecer como demandadas no xuízo.
4. O Servizo de Promoción do Emprego desta delegación provincial [notificoulle á interesada / notificou a interesada] o requirimento de emenda da súa solicitude.
5. A consellería [requiriu á empresa / requiriu a empresa] para que corrixisse as deficiencias detectadas
6. A consellería [requiriulle á empresa / requiriu a empresa] que corrixisse as deficiencias detectadas
7. A Xunta [advertiu aos concellos / advertiu os concellos] de que se non resolvían a situación interviría a Administración autonómica.

3.3 Redacción e estilo

1. Indica de que tipo de parágrafo se trata en cada caso.

1. D. Xosé Ferreiro Oural, traballador da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, solicitou as axudas que se recollen no regulamento do Fondo de Acción Social para o período 2010. O solicitante declara que nin el nin a súa cónxuxe foron beneficiarios de axudas de natureza similar concedidas por outro organismo ou empresa privada.

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

2. Segundo as actuacións descritas no expediente, chégase á conclusión de que no caso que se examina se produciu unha paralización de actuacións superior á normativa vixente no momento da denuncia. Daquela, produciuse a prescrición da infracción sancionada e, por conseguinte, deberá revogarse a resolución impugnada.

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

3. O proceso de matriculación neste réxime rematará o día 5 de outubro. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

4. A representación da empresa entende que o convenio aplicable debe ser o do metal xa que a función de mantemento que desempeñan estes traballadores, a diferenza doutros produtores da empresa neste centro de traballo, está directamente relacionada con esta actividade.

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

5. En ningún caso serán subvencionados os gastos de xuros debedores en contas bancarias que deriven de recargas e sancións administrativas ou penais. Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe de forme efectiva. En ningún caso se van subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

6. De modo especial, o plan ten en conta grupos sociais que, aínda que posúen o mesmo nivel de ingresos ca outros grupos, teñen necesidades específicas polas súas circunstancias persoais. Estes grupos sociais son, por exemplo, os mozos, as familias numerosas e as monoparentais, as persoas maiores de 65 anos, as persoas con discapacidade e as súas familias, e tamén as vítimas de violencia de xénero e do terrorismo.

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

7. Pódese argumentar que aquela folga se convocaba os días en que se iniciaba o período de descanso da fin de semana e esta convócase os días en que se inicia a actividade laboral e académica ou lectiva despois do descanso da fin de semana ou de fin de semana seguida de festivo

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

8. A presidenta le o informe elaborado polo responsable do proceso de negociación. Nel consta que a empresa Pedroso, SL, é a que obtivo a maior puntuación e a súa oferta cumpre as condicións técnicas establecidas no prego de prescricións.

Expositivo / Prescritivo / Argumentativo

3.4 Léxico

1. Escribe a forma galega correspondente na columna da dereita.

a)

hólding		part time	
leasing		lobby	
antidóping		debut	
carton affinit		contáiner	
estand		manager	

b)

croquis		móbbing	
hándicap		bureau	
párking		crack	
ránking		link	
full-time		joint-venture	

Módulo 4

4.2 Gramática

1. Escolle a opción máis recomendable das construcións en voz pasiva e activa.

- [Por ambas as partes recoñécese / Ambas as partes recoñecen / Recoñecida por ambas as partes / Por ambas as partes é recoñecida] a capacidade legal para asinar este convenio.
- [Foron convocadas pola Consellería de Educación / Pola Consellería de Educación convocáronse / Convocáronse pola Consellería de Educación / A Consellería de Educación convocou] prazas de infantil e primaria.
- Durante o prazo de información pública, [poderanse formular alegacións polas persoas interesadas / polas persoas interesadas poderanse formular alegacións / as persoas interesadas poderán formular alegacións / as alegacións poderán ser formuladas polas persoas interesadas].
- [A dirección xeral presentou / Foi presentado pola dirección xeral / Presentouse pola dirección xeral / Pola dirección xeral presentouse] un informe sobre a mobilidade da xuventude galega na última década.
- De acordo coa normativa vixente, [pódense subscribir contratos por parte dos organismos competentes / polos organismos competentes pódense subscribir contratos / os organismos competentes poden subscribir contratos / poden ser subscritos contratos por parte dos organismos competentes].
- Achégolles a resolución do 03.09.2012 [aprobada pola / que aprobou a / que se aprobou pola / que foi aprobada pola] directora xeral de Comercio.

7. [Aberta a sesión polo presidente, a secretaria / Polo presidente ábrese a sesión e a secretaria / A sesión é aberta polo presidente e a secretaria / O presidente abre a sesión e a secretaria] le o borrador da acta da sesión anterior.
8. [As declaracións do IRPF deben presentarse polos contribuíntes / Polos contribuíntes deben presentarse as declaracións do IRPF / Os contribuíntes deben presentar as declaracións do IRPF / As declaracións do IRPF deben ser presentadas polos contribuíntes] antes do 30.06.2012.

4.3 Redacción e estilo

1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

1. A linguaxe administrativa debe manter, con independencia dos servizos e do funcionariado, unha homexeneidade básica en todos os seus ámbitos.

Verdadeiro / Falso

2. É importante que haxa unha certa uniformidade nos documentos administrativos, pois a asociación dunha forma externa cun modelo concreto automatiza o traballo do persoal da Administración e facilítalle a lectura á cidadanía.

Verdadeiro / Falso

3. A lectura dos impresos e dos formularios que se empregan na Administración debe ser fácil para as persoas receptoras.

Verdadeiro / Falso

4. Os documentos administrativos sempre procuran a claridade para que haxa unha maior eficacia comunicativa. Co fin de conseguir esta claridade, debemos prestarlle atención ao contido e non ten moita importancia descoidar a presentación visual.

Verdadeiro / Falso

5. Os anexos son os documentos que o redactor do documento cre que son axeitados para apoiar a información que se achega no texto administrativo.

Verdadeiro / Falso

6. En xeral, recoméndase usar sempre o mesmo tipo de letra no documento administrativo.

Verdadeiro / Falso

7. A numeración é un recurso útil para clasificar visualmente os contidos dun documento administrativo, pero as viñetas acostuman ser un recurso máis recomendable.

Verdadeiro / Falso

8. Nos documentos administrativos deben destacar as ideas importantes, que han de estar estruturadas e xerarquizadas de xeito claro, lóxico e tamén visual.

Verdadeiro / Falso

4.4 Léxico

1. Identifica os vulgarismos nas seguintes listaxes.

1. penso de que / trátase de que / informar de que / estar seguro de que
2. ex animo / ex lege / ex officio / ex proces
3. périto / pretérito / mérito / prurito
4. fíxeses / rexeses / traduxeses / lixase
5. contribuír / delincuír / distribuír / retribuír
6. con todo e con iso / malia iso / a pesar disto / emporiso

Módulo 5

5.2 Gramática

1. Propón unha solución alternativa aos usos incorrectos do xerundio.

1. Sen máis asuntos que tratar, finaliza a reunión asinando as persoas presentes en proba de conformidade co exposto.
2. Os efectos económicos derivados retrotraeranse ao 01.01.13, vinculando o seu cobramento a que estean aprobados os orzamentos de 2013.
3. As ofertas serán presentadas no rexistro xeral da oficina en que teña lugar a poxa, facendo constar no exterior do sobre os datos identificativos
4. O convenio entrará en vigor o día seguinte a que se publike no DOG, abarcando o seu período de vixencia ata o 31.12.2013.
5. O domicilio que figure nas solicitudes considerárase o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante calquera erro na súa consignación.
6. A tarxeta de peaxe será nominativa e intransferible figurand nela o nome do traballador ou da traballadora.

7. A consellería publicará a relación das zonas afectadas sinalando os concellos en que estean situadas.

5.3 Redacción e estilo

1. Xunta os seguintes enunciados empregando algún dos marcadores textuais que se che propoñen.

A)

A xefa deste servizo debe valorar as vantaxes deste proxecto.

A xefa deste servizo debe considerar os obxectivos propostos no proxecto.

A xefa deste servizo debe valorar as vantaxes deste proxecto [segundo / e ademais / e finalmente os obxectivos propostos nel.

B)

Reglamentariamente determinarase a composición do consello asesor.

Reglamentariamente determinaranse as funcións do consello asesor.

Determinaranse regulamentariamente a composición [emporiso / e tamén/ e de ser o caso] as funcións do consello asesor.

C)

O proxecto axústase á normativa vixente.

Considero o proxecto viable.

Considero o proxecto viable [no entanto / aínda que / porque] se axusta á normativa vixente.

D)

A presidenta distribúe un exemplar do II Plan municipal de igualdade do Concello de Culleredo.

A presidenta informa da convocatoria pública da Consellería de Traballo.

A presidenta distribúe un exemplar do II Plan municipal de igualdade do Concello de Culleredo. [No entanto / Pola contra / Así mesmo] informa da convocatoria pública da Consellería de Traballo.

E)

A presentación de escritos e documentos pódese levar a cabo por medios electrónicos.

Non se lle pode impoñer á cidadanía que dispoña deses medios.

A presentación de escritos e documentos pódese levar a cabo por medios electrónicos, [xa que / pero / ademais] non se lle pode impoñer á cidadanía que dispoña deses medios.

F)

A fundación asume este conxunto de obrigas.

Estas obrigas non se describen expresamente nos seus estatutos.

A fundación asume este conxunto de obrigas [con tal de que / agora ben/ aínda que] non se describan expresamente nos seus estatutos.

G)

A conselleira ten que ausentarse os días 21.02.2012 e 22.02.2012.

Hai que substituír a conselleira ata que regrese.

A conselleira ten que ausentarse os días 21.02.2012 e 22.02.2012, [polo que / para o efectos / xa que] hai que substituíla ata que regrese.

5.4 Léxico

1. Elixo o termo máis axeitado para unha comunicación precisa e respectuosa.

1. atrasado mental / discapacitado intelectual / persoa que non é moi espelida
2. países que non teñen moitos recursos económicos / países pobres /países economicamente atrasados
3. persoas que xa non son novas / vellos / persoas da terceira idade
4. desempregado / persoa sen traballo / incapacitado temporalmente para traballar
5. delito vergonzoso / delito de realización do acto sexual sen consentimento / violación
6. centro de retención de adultos / cárcere / edificio destinado á privación de liberdade
7. mendigo / persoa sen recursos / transeúnte marxinado

Módulo 6

6.2 Gramática

1. Escribe unha solución alternativa aos usos incorrectos do xerundio.

1. Se desexa consultar algún dato, deberá dirixir a súa petición á entidade xestora para que lle faciliten o ficheiro contendo a información requirida.

2. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a dirección xeral ditará unha resolución declarando con carácter provisional os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as.
3. Deberá achegar unha certificación bancaria indicando o número de conta en que se deberá facer o ingreso da subvención.
4. A delegación provincial emitiu un informe proponendo declarar de utilidade pública as instalacións deste proxecto.
5. A empresa presentará un escrito solicitando que se paralice o expediente administrativo.
6. O Concello de Carnota presentou un escrito alegando canto considerou oportuno na defensa dos seus intereses.

6.3 Redacción e estilo

1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

1. A linguaxe administrativa debe procurar a calidade e a eficacia comunicativa. Neste sentido o redactor de documentos administrativos optará por frases longas, aínda que, ás veces, dificulten a comprensión

Verdadeiro / Falso

2. As principais características da linguaxe administrativa deben ser: a claridade e simplificación, a precisión e exactitude, a personalización, a democratización, a uniformidade e fixación

Verdadeiro / Falso

3. A linguaxe administrativa, como linguaxe formal que é, debe buscar unha certa elegancia na expresión, un estilo solemne e afastado da lingua común.

Verdadeiro / Falso

4. Na linguaxe administrativa a abundancia de sinónimos pode ser un atranco. Débese fomentar a adopción de denominacións únicas para cada concepto.

Verdadeiro / Falso

5. Na linguaxe administrativa hai que botar man de termos e fraseoloxía que na lingua xeral se abandonaron hai anos, aínda que revelen unha certa concepción anticuada da relación administrativa e aínda que a cidadanía non os sinta como moi normais e próximos.

Verdadeiro / Falso

6. Debemos evitar os circunloquios nos documentos administrativos. Unicamente debe aparecer a información suficiente e necesaria.

Verdadeiro / Falso

7. O emisor dun documento administrativo debe responsabilizarse do que se di nel. Cómpre reducir as expresións impersoais e fomentar a personalización da voz verbal nos documentos.

Verdadeiro / Falso

8. A información que se achega nos documentos administrativos debe ser clara e expoñerse de xeito comprensible e, por ese motivo, recoméndase empezar construcións perifrásticas formadas por un verbo baleiro + substantivo.

Verdadeiro / Falso

9. A redacción dos documentos administrativos debe caracterizarse pola neutralidade na expresión e non se deben empregar fórmulas redundantes, nin arcaísmos nin latinismos.

Verdadeiro / Falso

2. Elix a preposición simple que pode substituír as locucións.

Locucións	para	por	segundo	sobre	como
co obxecto de					
en calidade de					
en atención a					
con suxeición a					
co fin d					
na súa condición de					
en virtude de					
en materia de					
de conformidade con					
con ocasión de					
en orde a					
en relación con					
a título de					
conforme a					
de cara a					

6.4 Léxico

1. Escribe a forma galega correspondente na columna da dereita.

A)

con creces		en base a	
sin duda alguna		de fecha	

a nivel de		a los efectos de	
en aras de		a este fi	
de acuerdo a		a contar	

B)

intereses de demora		levantar a sesión	
surtir efecto		producir efecto	
poñer en entredito		acuse de recibo	
estar ao dis-posto en		a fin de contas	
estender acta		habida conta	

Módulo 7

7.2 Gramática

1. Fixate no uso do xerundio nestas parellas de oracións e indica cal é correcta.

- A. Solicítolle que emende os erros detectados presentando a documentación esixida.
- B. Solicítolle que emende os erros detectados concedéndolle un prazo de dez días.

- A. A secretaria xeral ditará unha resolución establecendo as valoracións acadadas.
- B. A secretaria xeral ditará unha resolución tendo en conta as valoracións acadadas.

A. O órgano instrutor presentou un informe detallando os erros das solicitudes.

B. O órgano instrutor iniciou o informe detallando os erros das solicitudes.

A. A tramitadora atopou o documento revisando os expedientes polo miúdo.

B. A tramitadora leu a instancia valorando a seguir a documentación achegada.

A. A consellería iniciou o expediente seguindo o procedemento común.

B. A consellería tramitou o expediente sendo preciso un informe xurídico.

7.3 Redacción e estilo

2. Elixo entre A, B, e C o texto que está mellor redactado.

A)

Nos casos de falecemento, incapacidade permanente non parcial, incapacidade xudicial ou declaración xudicial de ausencia do farmacéutico titular, a Consellería de Sanidade poderá autorizar, por un tempo limitado, o nomeamento dun farmacéutico rexente, quen asumirá as mesmas funcións, responsabilidades e incompatibilidades que as sinaladas para o titular, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís e penais que puidesen derivarse en cada caso.

B)

A Consellería de Sanidade poderá autorizar, por un tempo limitado, o nomeamento dun farmacéutico ou dunha farmacéutica rexente nos seguintes supostos:

1. falecemento do titular

2. incapacidade permanente non parcial ou xudicial do titular

3. declaración xudicial de ausencia do/da titular

O farmacéutico ou farmacéutica rexente asumirá as mesmas funcións, responsabilidades e incompatibilidades do ou da titular, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís e penais correspondentes en cada caso.

C)

Pola Consellería de Sanidade poderase autorizar o nomeamento dun farmacéutico rexente.

Este nomeamento será por tempo limitado.

O nomeamento do farmacéutico rexente autorízase nos casos de falecemento, incapacidade permanente non parcial, incapacidade xudicial ou ausencia do farmacéutico titular.

O farmacéutico rexente asumirá as mesmas funcións, responsabilidades e incapacidades sinaladas para o titular.

Isto sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís e penais que puidesen derivarse en cada caso.

A)

1 A Administración pública aplica as etapas básicas do procedemento.

- planeamento
- organización
- execución

- avaliación

2 Estas premisas empréganse no proceso.

B)

Por outra parte, e considerando así mesmo que a Administración pública aplica en xeral, na realización das dúas tarefas, as etapas básicas do procedemento administrativo, como son: o planeamento, organización, execución e control ou avaliación; faise indispensable propoñer como premisa básica que, as devanditas etapas, se deben utilizar tamén no proceso de capacitación.

C)

En xeral, a Administración pública aplica as etapas básicas do proceso administrativo para realizar as súas tarefas. Polo tanto, estas etapas (planeamento, organización, execución e control de avaliación) deben utilizarse no proceso de capacitación.

A)

As áreas de saúde, á vez, dividíranse en zonas de saúde, que serán o marco territorial básico de atención primaria integrada de saúde, facéndose a súa delimitación regulamentariamente atendendo a criterios demográficos, xeográficos, poboacionais, sociais e de funcionalidade e determinándose regulamentariamente o seu réxime de funcionamento.

B)

As áreas de saúde:

1 dividíranse en zonas de saúde

2 serán o marco básico de atención primaria

3 a súa delimitación atende a diversos criterios (demográficos, xeográficos...

4 o seu réxime de funcionamento determínase regulamentariamente

C)

As áreas de saúde, á vez, dividíranse en zonas de saúde, que serán o marco territorial básico de atención primaria integrada de saúde. A súa delimitación farase regulamentariamente atendendo a criterios demográficos, xeográficos, poboacionais, sociais e de funcionalidade, e o seu réxime de funcionamento determinarase tamén regulamentariamente.

7.4 Léxico

Elixe a forma correcta ou máis recomendable entre as seguintes locucións.

1. no seu caso / en seu caso / se é o caso
2. según / por / en virtude de
3. en calidade de / en concepto de / como
4. en tempo en forma / en tempo e en forma que procedan / no tempo e na forma que procedan
5. coa maior brevidade / moi pronto / á maior brevidade
6. por menor / polo miúdo / ao por menor
7. aparte de / á parte de / a parte de
8. ao fin e ao cabo / a fin e ao cabo / a fin e o c

Módulo 8

8.2 Gramática

1. Fíxate nos réximes preposicionais destes enunciados e elixe a opción correcta.

1. O volume de traballo da consellería aconsella [recorrer á /

recorrer en contra a] delegación de competencias.

2. O prazo para [recorrer / recorrer contra] a resolución comen-zará a contar dende o día seguinte ao que reciba esta notifi-cación.
3. A entidade poderá [apelar a / apelar contra o] crédito oficia e ao privado, de acordo coa lexislación vixente.
4. O prazo para [apelar a / apelar contra] a resolución comezará a contar dende o día seguinte ao que reciba esta notificación
5. [Infórmolle que / Infórmoo de que] ao acto de inspección poderá acudir acompañado dos técnicos que considere con-veniente.
6. [Infórmoo de que / Infórmoo que] o prazo máximo para re-solver e notificar o procedemento é dun ano contado desde o acordo.
7. [Advertímoslle que / Advertímola que], se non atende o re-quirimento, entenderemos que desiste da súa petición e ar-quivaremos o expediente.
8. [Advírtolle de que / Advírtoo de que] contra esta resolución poderá interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria.
9. O secretario xeral [asegurou de que / asegurou que] os pro-gramas de formación melloran a empregabilidade dos traba-lladores e das traballadoras.
10. A dirección xeral con competencias deberá [asegurarse de que / asegurarse que] todos os grupos implicados reciban o novo proxecto de orde.
11. [Requíroo que / Requíroo para que] presente a documenta-ción indicada no prazo de 10 días.
12. [Requírolle para que / Requírolle que] presente a documen-

tación indicada no prazo de 10 días.

8.3 Redacción e estilo

1. Escolle a opción correcta atendendo á linguaxe igualitaria.

1. Comunícolles aos interesados... / Comunícolles ás persoas interesadas...
2. A presidencia será quen decida... / O presidente será o que decida...
3. Unha asociación de nais e pais... / Un asociación de pais...
4. O candidato debe presentar... / A persoa candidata debe pre-sentar...
5. O xefe de negociado, Xulia Viana. / A xefa do negociado, Xulia Viana.
6. A señora Rosa Taboada Baamonde... /A señorita Rosa Ta-boada Baamonde...
7. Os administrativos da Xunta... / O persoal administrativo da Xunta...
8. Quen participe neste proceso... / Os que participen neste pro-ceso...
9. Margarida, secretaria do Consello... / Margarida, secretario do Consello...
10. Os traballadores doutras consellerías... / O persoal trabaja-dor doutras consellerías...

8.4 Léxico

1. Escribe a forma galega correspondente na columna da dereita

primeiro de todo		al dorso	
daños y perjuicios		visto bueno	
turno a favor		a lo sumo	
so pretexto de		ello no obstante	
haber lugar		en modo alguno	

Módulo 9

9.2 Gramática

1. Introduce as formas conxugadas do infinitivo sempre que sexa posible.

1. Antes de **entrar** en materia, podemos **analizar** algúns dos aspectos máis relevantes da nova lei. [nós]
2. Para **ser** admitidas á realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán **reunir** os seguintes requisitos. [elas]
3. Convén que te autoavalíes unha vez que remate a exposición co fin de **corrixir** os aspectos inadecuados. [ti]
4. No caso de que non poidan **asistir** ao acto de sinatura, establécese un prazo máximo de 10 días para **enviar** o convenio asinado. [vostedes]
5. Poderemos **cualifica** os proxectos que resulten admitidos logo de **presentar** a documentación que falta. [vós]
6. Segundo o regulamento do centro, existe a posibilidade de

realizar actividades deportivas, artísticas e de estudo nestas instalacións. [nós]

7. Para poder **participar** no proceso selectivo, deberán ter homologado previamente o título [eles ou elas].

9.3 Redacción e estilo

1. Ordena os seguintes parágrafos respectando a progresión temática.

A)

1. En ningún artigo da convocatoria se apunta a realización de probas de superación do curso, nin ningunha referencia á cualificación de apto
2. Por todo isto, SOLICITO:
3. Mediante o parte de asistencia ao Curso de elaboración de páxinas web compróbase que asistín á clase diariamente, cumprindo o regulamentado na orde da convocatoria.
4. Que se revise o meu expediente.
5. Neste curso realicei todas as actividades programadas tanto no horario das clases como fóra del (exame escrito, oral e traballos).
6. Unha vez que coñecín o suspenso presenteí un escrito en que solicitaba a revisión do meu expediente.

B)

1. A oferta que presentou a empresa Peregrinos, SA, a este concurso de contratación, tramitado polo sistema de procedemento negociado sen publicidade, é correcta e, polo tanto, vantaxosa para a Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A Mesa de Contratación dispón que se una o informe á acta desta reunión e que se dirixa a proposta de adxudicación des-

te concurso ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3. A oferta desta empresa é de 116 000, IVE incluído, e non produce baixa sobre o orzamento inicial.
4. A empresa Peregrinos, SA, cumpre cos requisitos indicados no prego de prescricións técnicas e acada un total de 90 puntos sobre 100.

9.4 Léxico

1. Elixe que recurso web recomendado para...

1. ...saber se unha palabra é un castelanismo ou está aceptada pola normativa: Bilega / VOLG / Tradgal
2. ...conseguir información bibliográfica sobre traballos de investigación en galego: Bilega / VOLG / Tradgal
3. ...facer unha consulta terminolóxica: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega / Termigal / Tesouro Informatizado da Lingua Galega
4. ...consultar un corpus lexislativo: Termigal / Corga / Cluvi
5. ...comprobar se un termo existía xa na prosa notarial medieval: Tesouro informatizado da lingua galega / Tesouro medieval informatizado da lingua galega / Lexiterm - USC

Módulo 10

10.2 Gramática

1. Conxuga os infinitivos en futuro ou en pretérito de subxuntivo se é posible.

1. As persoas afectadas teñen un prazo de 20 días para presen-

tar por escrito as reclamacións ou observacións que [xulgar] _____ oportunas.

2. Igualmente queda obrigado a executar cantas obras [ser] _____ precisas para conservar, restituír ou substituír as servidumes existentes.
3. Consonte o artigo 33, o concello comprometeuse a reintegrar as cantidades percibidas, se as [haber] _____, xunto cos xuros de mora.
4. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o persoal funcionario seleccionado non se [poder] _____ incorporar á comunidade autónoma, o posto considerárase deserto.
5. Segundo a convocatoria, só se admitirán as solicitudes que se [presentar] _____ dentro do prazo establecido.
6. Segundo a proposta, as solicitudes que se [subscribir] _____ no estranxeiro poderían cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares correspondentes.

10.3 Redacción e estilo

1. Elixe entre A e B a opción máis precisa e concisa.

- A. Tratamos co xefe de sección cousas puntuais sobre o traballo.
B. Discutimos co xefe de sección o aumento da carga de traballo.

- A. As formas adoptadas pola secretaria non eran aceptables.
B. A actitude da secretaria era inaceptable.

- A. É unha acta de inspección como moi incompleta.
B. É unha acta de inspección incompleta.

- A. Este informe pode ter moitas interpretacións.
B. Este informe pode ter moitas lecturas.

- A. O tema é que iso non nos interesa.
B. Iso non nos interesa.
- A. Gústame o curso de linguaxe porque ten moitos contidos prácticos.
B. Gústame o curso de linguaxe pola súa practicidade.
- A. Segundo as valoracións que haxa, o informe será bo ou malo.
B. Segundo as consideracións técnicas, o informe será favorable ou desfavorable.
- A. Non ten intencionalidade de favorecer un plan de calidade distinto.
B. Non ten intención de promover un novo plan de calidade.
- A. O director xeral non ten ningún problema para cambiar os modelos de documentos.
B. O director xeral ten boa disposición para actualizar os modelos de documentos.
- A. Estes son os requisitos para poder acceder ao curso.
B. Estes son os requirimentos para poder conseguir o curso.
- A. A nova lei disporá medidas para reducir o paro.
B. A nova legalidade solucionará a problemática do paro.

10.4 Léxico

1. Resolve as cuestións terminolóxicas que se formulan a seguir.

1. Busca en *Un idioma preciso* a precisión «134. Agardando a vez para mandar: as “presidencias de quenda”» e indica a solución que se lle dá ao termo do castelán presidencia de turno.

presidencia rotatoria / presidencia rotativa / as dúas son válidas

2. Entra na *Termoteca* da Universidade de Vigo e busca «axuda de custo». A que prestacións se refire segundo o contexto de uso que alí podes ler?

ás prestacións en concepto de manutención / ás prestacións en concepto de hospedaxe / ás prestacións en concepto de manutención, hospedaxe e viaxes

3. Accede ao repertorio *Termos esenciais de dereito penal*. Deseguido indica, facendo a busca que consideres pertinente, cal é a proposta galega que se dá neste libro para a frase do castelán “tenencia ilícita de armas”:

tenza ilícita de armas / posesión ilícita de armas / tenza de armas de xeito ilícito

4. Accede ao *Glosario de termos xurídicos dubidosos castelán-galego* e busca a entrada do termo castelán “mojón” para elixir a opción correcta en galego:

marco / fito / as dúas son válidas

5. Entra no *Dicionario galego de termos xurídicos* e consulta a entrada «devindicación». Nesa entrada indícase que, segundo o aspecto temporal do feito imponible, cabe diferenciar entre:

impostos instantáneos e impostos acumulables / impostos periódicos e impostos instantáneos / impostos directos e impostos indirectos

☞ Ollo! Para a realización deste exercicio é preciso consultar os recursos web indicados.

Guía de recursos

CONSULTA BÁSICA

- Dicionario de galego

RAG

- Vocabulario

Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)

- Oralidade

Dicionario de pronuncia da lingua galega

- Ortografía e morfoloxía

Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (NOMIG)

Resumo dos últimos cambios das NOMIG

- Documentación

Manual básico de documentación administrativa e xurídica

VOCABULARIO

Galanés Santos, I. et alii: *Compilación de terminoloxía xurídica castelán-galego*. Consello da Avogacía Galega, 2003

VV. AA.: *Dicionario galego das TIC: DIGATIC*. Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia / Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, 2009

VV. AA.: *Dicionario galego de termos xurídicos*. *Revista Xurídica Galega*, 2011

Cabaleiro Carro, X.: *Dicionario ilustrado do comercio*. Federación Galega de Comercio, 2008

Gómez Méixome, A. et alii: *Dicionario visual da construción*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2005

Ramos Insua, M.: *Glosario de termos xurídicos dubidosos (castelán-galego)*. Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, 2008

Marzábal Expósito, F.: *Profesionaliza a túa lingua: Dereito*. Universidade da Coruña, 2009

Rodríguez Río, X. A. (coord.): *Termos esenciais de botánica (galego-español-inglés)*. Universidade de Santiago de Compostela, 2004

Termos esenciais de contabilidade. Universidade de Santiago de Compostela, 2008

Giménez Fernández, E. L. e Lores Ínsua, X. F.: *Vocabulario de economía*. Universidade de Vigo, 2005

Rodríguez Río, X. A. (coord.): *Vocabulario de medicina (galego-español-inglés-portugués)*. Universidade de Santiago de Compostela, 2008

Lahuerta Mouriño, F. et alii: *Vocabulario multilingüe de acuicultura*. Xunta de Galicia, 2002

Gómez Guinovart, X. e Torres Padín, A.: *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán*. Universidade de Vigo, 2005

Ademais, podes consultar outras obras terminográficas na sección de terminoloxía do Servizo de Normalización Lingüística da USC.

LINGUAXE

Manual de estilo do DOG

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, 2012. Manual de estilo publicado pola Xunta de Galicia co fin de ofrecerlles ás persoas responsables de redactar, corrixir e maquetar os textos normas concretas para aplicar no DOG e a outras publicacións institucionais.

Curso de linguaxe administrativa

Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2007. Manual editado pola Xunta de Galicia para os cursos presenciais de linguaxe administrativa. Posúe contidos teóricos, exercicios e comentarios de documentos administrativos.

Curso de actualización da lingua e linguaxe administrativa galegas

Escola Galega de Administración Pública, 2005. Manual editado para os cursos de actualización lingüística do persoal da Xunta de Galicia.

Criterios lingüísticos

Universidade de Santiago de Compostela, s.d. Material web que trata os seguintes contidos: a linguaxe administrativa, maiúsculas e minúsculas; abreviación; os formatos gráficos; a puntuación; o tratamento dos dous sexos; o tempo; o lugar; a cantidade; a redacción; o tratamento dos préstamos doutras linguas; o tratamento dos nomes propios doutras linguas.

Lingua galega. Criterios lingüísticos

Universidade de Vigo, 2003. Manual que ofrece os seguintes contidos: o uso das letras maiúsculas e minúsculas; o tratamento de préstamos doutras linguas; uso dos signos de puntuación; recomendacións para as marcas de xénero.

Criterios para o uso da lingua

Universidade da Coruña, 2005. Manual que ofrece os seguintes contidos: maiúsculas e minúsculas; os signos de puntuación; formas de tratamento; as abreviacións; proposta de emprego de nomes propios; o emprego de linguaxe non sexista; citacións e referencias bibliográficas

(Breve) Manual de estilo universitario

Universidade de Santiago de Compostela, s.d. Manual que recolle os seguintes contidos: os signos; deseño do documento; algunhas regras útiles para unha escritura fluída; bibliografía

Traballo xornalístico na Universidade de Vigo. Pautas para un correcto uso da linguaxe

Universidade de Vigo, s.d. Manual que ofrece os seguintes contidos: as maiúsculas e minúsculas; uso das minúsculas; os signos de puntuación; erros e dúbidas máis frecuentes no uso da lingua galega; proposta de emprego correcto da toponimia e onomástica galega e foránea.

Libro de estilo do Concello de Santiago

Concello de Santiago de Compostela, 2007. Ofrece os seguintes contidos: acentuación; alteracións gráficas frecuentes; xénero e número: casos dubidosos; os tratamentos protocolarios; uso de maiúsculas e minúsculas; recursos tipográficos diacríticos; abreviación; escrita dos números; expresión de tempo e espazo; a linguaxe non sexista; tradución dos nomes doutras linguas; os signos de puntuación; sintaxe; manual de documentos administrativos; regras xerais para redactar unha referencia bibliográfica; mudanzas normativas de interese; erros léxicos frecuentes; léxico xurídico e administrativo; locucións latinas; topónimos; falsos amigos.

APÉNDICES

